



O FARELO

Nº5

Maio de 2017

Prezo: 2 euros

XORNAL CULTURAL PARA O LECER

Letras Galegas 2017

Colaboracións:

Baldomero Iglesias, Mero

Carlos Meixome

Francisco Álvarez Koki

Ramón Coira Luaces

Félix Caballero

Luis Gonçalves Blasco, "Foz"

Miguel Anxo Mouriño


Ría Lamaire

Xosé González Martínez

Entrevistas por Moncho Mariño:

Victor Fernández Freixanes, presidente
da Real Academia Galega

Eduardo Sánchez Maragoto, presidente
da Associação Galega da Língua (AGAL)



Caricatura de Carlos Casares
por Xose Manuel

Xabier Paz
Aníbal e a Pintora

Alberte Blanco
O Códice esmeralda

Héctor Cajaraville
Once portas

Nacho Taibo
Os tres de nunca

Xosé Benito Reza
Terradentro

**AS MELLORES
LETRAS
DE 2017**
XERAIS
xerais@xerais.gal • xerais.gal
en galego todo o tempo

XABIER PAZ ALBERTE BLANCO HÉCTOR CAJARAVILLE NACHO TAIBO XOSÉ BENITO REZA
ANÍBALE A PINTORA O CÓDICE ESMERALDA ONCE PORTAS OS TRES DE NUNCA TERRADENTRO

Opinión

Por: Baldomero Iglesias Dobbarrio

Mero

Nas nosas Letras

Chega outro 17 de maio e como cada ano, faremos de novo o recoñecemento de verificarnos galegos, desde esta fala, desde este idioma que nos permite ser e existir. Se non fose polo idioma, a tal altura seríamos catro provincias pinchadas nun pau, no extremo atlántico deste mapa, sen máis motivo que termar do mar para que outros non se molen. O idioma é a razón máis poderosa de ser galegos, tamén para sentirmos en propiedade quen somos. Podería ser unha loita dun día, dun mes, pero é unha loita de todos os días, de todos os meses, de

moitos anos e séculos agardados, para que –dunha vez por todas– se nos faga xustiza, se nos estime como patria e nación, orixe da que procedemos e satisfactoriamente se nos recoñeza. Non vos deixedes enganar con trastornos homoxeneizadores de invasión e aniquilamento. Non creadas as razóns que dan de imposición do idioma. Cando se viu que o idioma propio dun país –de calquera país– poida ser considerado como idioma de imposición nese país? Estamos todos tolos? Iso non sucede en ningún sitio do mundo, e menos aquí. Sabedes a razón? Pois é ben doada, o noso

idioma, mal que lles pese a todos cantos menten e algúns deles gobernan, non foi nin será nunca un idioma invasor e dominante, produto de calquera imperialismo prepotente e consternado. Non, aquí non somos así, señores do bilingüismo radioactivo ou do trilingüismo estafador. A Nosa Lingua, só se defende diante das agresións e proclámase, sen permiso de ninguén, dona da súa casa, sobre todo desde o principio da legalidade que lle outorga o dereito de entendemento dos pobos todos, aínda os máis pequenos e máis minorizados. Efectivamente, chega outro 17 de maio e debemos tomar consciencia e conciencia a un tempo. Non queremos alboroto nin beneficios da confusión. Queremos que, dunha vez por todas, nos

respecten en nós e no noso. Debemos reconciliarnos coa nosa historia, reconstruíndonos e purificándonos. Léde, escribide, falade, cantade, soñade, amade en Galego. É un dereito e tamén a obriga dos ben nados, dos que respectan á Nai. Medraredes na satisfacción e no sosego. Sentirédesvos mellor e máis recomfortados, máis integrados, máis donos de nós, coa satisfacción de restaurar unha débeda que por xustiza nos corresponde. Crédeme, seremos moito máis felices e poderemos mirarnos á cara e na satisfacción de non sentir vergoña diante do espello.



Humor

Por: Hermanager Produccións





ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Losada Dorado – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves – João Martinho – MADRID: Juan Louzán – BARCELONA: Fdez. Valdeorra – PAIS BASCO: Nicolás Xamardo – CANARIAS: Fco. Puñal – NOVA IORQUE: Fco. Álvarez (Koki).
Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Jesús Losada Dorado – Dpto. Propio.
Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017



**Xornal Cultural
para o Lecer**

Por Carlos Meixome

<http://pedogalinheiro.blogspot.com.es/>

Cóntanos Joseph Roth que nas pequenas cidades da xudaría oriental, da Galicia polonesa ou ucraina, había cando menos un batlen que: “diverte os hóspedes nos casamentos e baptizados,(...) inventa historias...” (1) e engade que: “As súas historias causarían provavelmente sensación na Europa se fosessem impresas”. O famoso Scholem Alechem, coñecido pola adaptación teatral, musical e cinematográfica da súa obra *Tyve* e as súas fillas con título de *Un Violino no Telhado*, era un batlen.

Estou seguro de que o Casares non faría ningún xesto de pesar se o cualificáramos como tal pois o oficio de “contador de historias” era o que mellor lle aquelaba (como nos recorda H. Monteagudo na biografía que acaba de publicar (2)) e exercíao con pracer cando tiña un chisco de tempo, e sempre o tiña roubándollo ao sono. A diferenza dos contadores de Roth, como vivía en occidente, viu impresas moitas das historias que elaboraba e reelaboraba mentres as dicía unha e outra vez. Historias que non precisaban da veracidade documental, do rigor da cita, da referencia explícita, xa que nacían da imaxinación fartureta da Gran Carroqueira (3) que el achegaba ao realismo do cotián, á aparente intranscendencia da anécdota, e remataba cunha chiscadela “coñeira” ou reflexiva, graciosa ou sensata, resolta coa aparencia do sinxelo que, sabemos, agocha o custoso labor da contención, da eliminación da faramallada, de recolleita de flores murchas e secas, técnica que chegou a

O noso batlen

do mi - nar como ninguén nas súas tirriñas de Á Marxe (4) que nos días de moitos anos iluminaron as páxinas d'A Voz cun ar fresco para deleite de moitas persoas que se achegaban por primeira vez á literatura e sobre todo á lingua nosa a través daqueles mil cincocentos caracteres, máis ou menos.

Un batlen que era quen de engaiolar mesmo a quen non quería ficar encantado. Contoume un editor que un escritor andaba encabronado con Galaxia por mor dalgunha miudeza editora que axigantaba por presuncións políticas e ideolóxicas respecto de Casares. Este solicitou a colaboración do noso amigo-editor-informante

para apalabrar un xantar co escritor molesto e aprexuizado. Así foi. Tempo despois o encabuxamento do escritor convertérase en comprensión coa editora e gabanzas da afabilidade e bonhomía do noso batlen.

Coido que non debía ter nada de xudeu, cando menos se atendemos ao segundo apelido mauritánico, aínda que para min, xa sei que relixión e aspecto físico non teñen nada que ver, aquela súa barba mesta, a súa escasa altura, a tez amourada e a boa tallada do nariz fixéronme sempre acordar que as súas orixes non debían estar nas chairas limiás senón naquel cavorco que vai dende o castelo dos condes ata as reviravoltas do río; mesmo o seu gusto polas lambonadas confirmábanme esta xénese xudaico-ribadaviense. Pero isto é unha gran calotada de Clío.

O noso batlen, como o de Roth, “escuta quando os homens discuten

e quebra a cabeza sobre coisas inúteis”, entre estas para o noso autor están a paixón do amor e a angustia da morte (5), a confrontación violenta (6), a moralidade dos intelectuais (7), as inquiredanzas existenciais (8), o sentimento de culpabilidade inxectado a unha xeración (9), a novela vangardista frustrada (10), a imaxinación desbordada (11), o ensaio narrado (12), a crítica literaria, as lembranzas infantís, os contos para a rapazada, os ensaios, as biografías, os libros de conversas... e outros centos de cousas máis, tamén a política e a representación institucional.

Disto de quebrar a cabeza con cousas inútiles deixounos unha boa mostra, poucos días antes daquel infausto nove de marzo de 2002, na presentación dun humilde libríño no que se recollían as coplas do enterro da sardiña en Gondomar (13) e do que fora notario en 1994. Aquilo que el dixo, como un batlen, ficou recollido nunha gravación sonora que despois transcribimos e aquelamos para a súa publicación (14), perdendo, nalgunha medida, o xeito narrativo de quen, como é sabido, dominaba as técnicas orais á perfección.

Entre os ires e vires do seu relato elaborou unha fermosa teoría sobre a influencia do emprego do garfo no respecto ás persoas e na contención da violencia. Negaba a aparencia trivial do asunto xa que, prime i r o ,

evitou que a xente comese coas mans e lembrou que Afonso X recomendáballe aos príncipes que non comesen cos dedos para que non se lle “aluenguen”, pero, o importante foi que o uso do garfo supuxo eliminar da mesa a violencia e, ceibando a imaxinación, dicía, imaxinen unha mesa onde non hai garfos e o único instrumento para cortar a carne é un coitelo afiado, imaxinen unha sociedade máis violenta que a de hoxe, imaxinen o viño correndo pola mesa, imaxinen unha discusión e imaxinen o final.

Así era o noso batle, de trato engaiolante, de formas naturais, de sinxela elegancia, de falares desafectados, gustoso do diálogo e a quen lle desagradaban os discursos, amante das palabras, da literatura e das cousas pequenas, das minucias da vida e non dos grandes conceptos. Non levantaba a voz, ollaba e xesticulaba dende alá lonxe, dende unha sabedoría escéptica, irónica, indulxente, tan antropoloxicamente galega como a retranca sempre respectuosa dos seus dicires.

El mesmo adiantounolo: “Carlos foise daquela maneira inesperada, como se partise de viaxe, amparado pola escuridade e sen dicir adeus” (5).

Roth, J.: *Judeus Errantes. (1927) Sistema solar, Lisboa, 2013*

Monteagudo, H.: *Carlos Casares. Un contador de historias. Galaxia, Vigo, 2017*

De todas as obras de Carlos Casares hai edición recente en Galaxia. Casares, C.: *Os escuros soños de Clío.*

Casares, C.: *A marxe. I, II, III, IV, V, VI, VII.*

(1992-1998)

Casares, C.: *O sol do verán. (2002)*

Casares, C.: *Os mortos daquel verán. (1987)*

Casares, C.: *Deus sentado nun sillón azul. (1996)*

Casares, C.: *Vento ferido. (1967)*

Casares, C.: *Xoguetes para un tempo prohibido (1975)*

Casares, C.: *Cambio en tres. (1969)*

Casares, C.: *Ilustrísima. (1980)*

Casares, C.: *Un país de palabras (1998)*

VV. AA.: *Quince anos enterrando a sardiña (1987-2001). Instituto de Estudos Miñoranos, 2002.*

VV. AA.: *Monografías da Revista de Estudos Miñoranos. Instituto de Estudos Miñoranos, 2003.*



Por: Francisco Álvarez Koki

Nos Eidos da Guarda

Tempos idos

A ló polos anos oitenta, coando era eu un poeta imberbe, con mais soños que hoxe, sobre todo na poesía. Faciamos na Primavera das nosas ilusións galeguistas, un artellamento cultural na Guarda. Alí uns poucos de nos xuntabámonos pra celebración da palabra. Dende CCOO de A Guarda, que ninguén como o seu secretario Ricardo Rodríguez, soubo xestionar, contra vento e marea.

Montábamnos cada ano unhas mesas pra vender libros galegos.

Libros que nos chegaban de Galaxia, ou tamén da librería Cervantes, que colaboraba con nos. Así tamén nos os novos poetas aproveitábamnos pra ler e vender algún libro noso. A lembranza dos libros que pasaban polas nosas mans eran de Carlos Casares *As Laranxas* mais laranxas de todas as laranxas. A *Galiña Azul*. E da narrativa *Xoguetes* pra un tempo prohibido, *Vento ferido* ou *Ilustrísima*. Libros que se quedaron na lembranza de aqueles escritores que admirábamnos.

Na miña condición de poeta errante e coa miña emigración cheguei a Nova York, onde por medio de amigos e por medios culturais, mantiven sempre un cordón umbilical coa xente da terra. Un día un amigo mestre de Hunter College, Xoán González Millán, tristemente xa desaparecido, chámame e dime que o escritor Carlos Casares chegaría a Nova York, pra impartir a cátedra de literatura galega, que fundara anos atrás o profesor exiliado Emilio González López. Foi pois o momento emotivo de coñecelo. Sabedor eu de a súa amizade coa catedrática Marie Lise Gazarian

Gautier, que ensinaba na Universidade de St. John's en Queens, preparamos unha xuntanza na nosa casa, Fogar de Breogán en Elmhurst. Foi un xantar e unha tarde de tertulia. Coando eu voltaba cada verán, falábamnos, na editorial Galaxia. Algunhas veces coincidimos na casa do tamén escritor, Gonzalo Torrente Ballester na Romana en Ramalloa.

Foron idas e vidas, poucos anos despois o mesmo amigo co-

municábame en Nova York a morte do escritor que este ano lle adican o día das letras galegas. Como diría Rosalía. Este vaise, e aquel vaise, todos se van...



Letras Galegas

Por Ramón Coira Luaces

As mulleres das irmandades

O 18 de maio de 1916 xorde na cidade de A Coruña a primeira Irmandade de Amigos da Fala. Según contaba A Nosa Terra do 25 de decembro de 1918 máis de 200 mulleres formaban parte da Irmandade da Fala da Coruña: Elvira Bao, María Miramontes, Micaela Cao

(que participou no acto fundacional), Genoveva Casal,... Son as mulleres que traballan na creación da Escola de Ensino galego, nos grupos de teatro das Irmandades, as que formarán a Agrupación Republicana Feminina, que se constituíu na Coruña o 13 de Abril de 1933, na que resaltan tamén Amparo López, María Barbeito,... Mulleres comprometidas coa igualdade de dereitos, co acceso da muller á cultura, coa súa dignificación... E que constituíron no seo das Irmandades unha Sección Feminina, na que destacaron Pura Lorenzana, Corona Glez., Xosefa Vázquez, Ermitas López, Tereixa Chao, María

Balboa, Rosa Martínez, Avelina Fdez., Teresa Fdez., Avelina Sardina, Helena Carro,... Entendían que a pobreza non se resolvía coa caridade, senón con medidas políticas e sociais. A meirande parte delas son mulleres das cidades, instruídas e con inquietudes culturais: mestras, xornalistas,... Porén tamén había casos como o de María Miramontes, filla de xornaleiros, que era costureira. As Irmandades da Fala recolleron dende o principio os postulados en defensa dos dereitos da muller, un dos seus moitos acertos.

Unha das máis coñecidas foi María Miramontes, que participou dende moi nova no activismo sindical e político xa antes de coñecer a Anxel Casal, co que casaría. Traballou como animadora e impulsora das Escolas de Ensino Galego, inspiradas nos principios da Institución Libre de Enseñanza. Afiliouse ao Partido Galeguista e colaborou na campaña a favor do Estatuto de Autonomía. Tras o asasinato de Anxel Casal, o seu compañeiro, ao inicio da Guerra Civil, embarcou na Coruña rumbo a Buenos Aires ese mesmo ano. Alí traballou de modista e casou cun curmán, mantendo os contactos co exilio galego e con Luís Seoane, un dos seus máis destacados membros. Finou no Sanatorio do Centro Galego de Buenos Aires. No ano 2007 o Concello de Santiago púxolle o seu nome



Micaela Chao



María Miramontes

a unha rúa. Este pequeno artigo de divulgación é unha pequena homenaxe a a elas e a todas as mulleres comprometidas con Galicia e co seu idioma propio, ben dun xeito público e notorio, ben dun xeito máis discreto. Todas elas fixeron e fan a súa aportación directa e indirectamente (encargándose desas cousas que con frecuencia relegamos e sen as que todo se desmorona).

Agustín Fernández Paz

Agustín Fernández Paz foi un crac da nosa literatura. Gosto moito del e é o autor do que máis obras lin (xunto con Manuel María). Polo que lamentei moito o seu pasamento en xullo do ano pasado. Naceu en Vilalba en 1947 e, ademais de escritor, especializado na literatura xuvenil, foi pedagogo e docente. Coas súas obras obtivo numerosos premios. O seu pai era músico e carpinteiro e el marchou con 14 anos a estudar como interno na Universidade Laboral de Xixón, onde se titulou como Perito Industrial. Con 22 anos foi traballar a Barcelona, regresando tres anos despois a Galicia, residindo na Coruña e matriculándose en Maxisterio. En 1974 comezou a exercer como mestre, participando activamente nos movementos de renovación pedagóxica, que pretendían cambear a sociedade desde as aulas, sendo membro fundador da Nova Escola Galega. Estudou Ciencias da Educación e foi profesor de lingua galega en ensino primario e secundario. Casou con Inmaculada Reino e tiveron unha filla.

Realizou numerosos traballos sobre a normalización lingüística no ensino, a didáctica da lingua, a promoción da lectura, a literatura infantil e a introdución dos medios de comunicación nas aulas. Entre 1988 e 1990 traballou para a Consellería de Educación como asesor para a reforma educativa na área de lingua. Entre 1990 e 1995 foi Coordinador Docente de Galego, elaborando libros de texto. Foi tamén membro do grupo de traballo sobre lingua do Consello da Cultura Galega. Porén todo isto non lle impediría rexeitar en 2010 o premio da Cultura Galega, con dotación económica, por discrepar profundamente coa política lingüística da Xunta de Galicia, hostil ao galego.

Coa introdución do galego nas aulas, tras a Constitución do 78, e como a literatura infantil e xuvenil en galego era escasa, animouse -xunto con outra xente da "Xeración Lamote"- a escribir as súas propias obras neste eido. Coordinou tamén para a editorial Xerais a colección "Merlín" de literatura infantil e xuvenil. Prexubi-



louse por enfermidade en 2007 e morreu no seu domicilio de Vigo no 2016, sendo o seu féretro arroupado pola bandeira galega e enterrado en Vilalba, a súa vila natal. Deixounos unhas cincuenta obras, sendo o autor galego máis traducido (a 16 linguas diferentes). A súa novela Cartas de inverno leva máis de 100.000 exemplares vendidos. Tamén de medo son Aire negro e A neve interminable. Non así, O centro do labirinto, Amor dos quince anos, Marilyn ou As flores radiactivas (co que gaña en 1989 o Premio Merlín de Li-

teratura). Co seu libro de relatos, O único que queda é o amor, gañou o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil e o Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega no mesmo eido de 2008. Porén a min aínda me gustan máis as súas obras non tan xuvenís, como Non hai noite tan longa (2011) e A viaxe de Gagarin (2014), Premio da AELG -entre outros- á mellor obra narrativa de 2014. Aínda despois de morto, Agustín Fernández Paz é ben capaz de facer contigo o que a primavera fai coas cerdeiras.

www.novasdoeixoatlantico.com

“Os mundos de Carlos Casares” percorrerá as catro provincias galegas



Inauguración da exposición itinerante no centro municipal José Ángel Valente de Ourense.

Os mundos de Carlos Casares, a exposición central que conmemora o Día das Letras Galegas 2017 na honra deste autor botou a andar no centro municipal José Ángel Valente, en Ourense. O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez, participou na inauguración desta mostra que próximamente se poderá visitar na Coruña e pechará o seu periplo no Museo Galego do Entroido de Xinzo de Limia. No acto tamén participaron o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García; a delegada da Xunta en Ourense, Marisol Díaz Mouteira; o alcalde da cidade, Jesús Vázquez; o vicepresidente da Deputación, Rosendo Luis Fernández; e o presidente da Fundación Carlos Casares, Xavier Casares. Román Rodríguez evocou a figura de Casares como “un dos máis eminentes actores culturais da historia contemporánea de Galicia” e do que, no eido literario, destacou “a súa capacidade para crear un mundo imaxinario, verosímil e complexo”.

Os mundos de Casares

Os mundos de Carlos Casares é un proxecto impulsado pola Fundación Carlos Casares, pola Xunta de Galicia, polos concellos de Ourense e de Xinzo de Limia e mais polas deputacións provinciais de Ourense e da Coruña. Máis alá da intención retrospectiva de recrear a figura, a vida e a obra de Carlos Casares, a exposición presenta diferentes marcos contra os que poder desenvolver as relacións de Carlos Casares co mundo, nunha sucesión de territorios simbólicos: Paisaxes, Luzadas, A Viaxe, Conviña... e O Redondel, que van explicando as cuestións fundamentais da súa vida, da súa produción literaria e do seu compromiso co país e coas súas xentes. Cinco espazos metafóricos diferenciados, pero permeables grazas a unha coitada montaxe fundamentada na transparencia, que permiten debuxar esce-

nas e activar experiencias sociais, políticas, educativas e artísticas. A cartografía resultante devolve unha imaxe que aspira a ser completada polo público; unha viaxe de ida e volta, circular, que nos permitirá revisitar a escena cultural galega nas cinco últimas décadas, recuperando unha visión do escritor e dos seus lugares que aspira a conectar coas xeracións máis novas.

Itinerancia

A Cidade das Burgas acolle, do 19 de abril ao 21 de maio, a primeira parada deste proxecto expositivo itinerante que, no marco da Programación Letras Galegas 2017 posta en marcha pola Xunta de Galicia en colaboración con outras entidades, lle achegará á cidadanía a figura, a vida e a obra do autor ao longo deste ano. Os mundos de Carlos Casares, deseñada pola fundación que leva o nome do escritor e que é depositaria do seu legado, percorrerá ata o mes de decembro as catro provincias galegas. Máis información no web www.fundacioncarloscasares.org.

Anfitrión das Letras 2017

Carlos Casares Mouriño (Ourense, 1941-Vigo, 2002) é unha das figuras máis senlleiras e renovadoras da literatura galega das últimas décadas do século XX. Para o narrador, ensaísta, articulista de prensa, editor e dinamizador cultural, o humor e a sinxeleza e a claridade no tratamento dos temas que lle afectan ao mundo actual constitúen os trazos máis característicos do seu estilo narrativo e ensaístico, o que lle reportou un gran recoñecemento do público e da crítica. Alén do seu talento literario, Casares foi un intelectual de relevo extraordinario que destacou tamén pola súa implicación na vida cultural, social e institucional do país e por unha laboriosidade incansable, ao tempo intelixente e reflexiva, e sempre cun compromiso ineqívoco coa lingua galega.

Concerto da Real Filharmonía de Galicia e do Coro Xove da Orquestra Sinfónica en homenaxe a Carlos Casares

O Día das Letras 2017 réndelle homenaxe a un fillo predilecto da cidade, Carlos Casares Mouriño, e desde o Concello de Ourense perfílase unha programación de altura con motivo desta celebración, achegando esforzos con entidades e institucións para dotar 2017 cun amplo programa de actividades culturais, para todos os públicos, e abrangendo todo tipo de manifestacións artísticas, que faga do presente o ano de Carlos Casares.

“Porque o Día das Letras é de seu, unha festa para todos os veciños e as veciñas da nosa cidade, igual que a de todos os que temos o orgullo de vivir na nosa terra, gozar da nosa cultura, e convivir e relacionarnos na nosa lingua. Máis aínda é unha festa maior cando, como ocorre este ano, serve para poñer en valor, reivindicar, e dar a coñecer a inmensa pegada que un ourensán coma Carlos Casares, deixou no campo da Cultura en Galicia”, sinalou o alcalde, Jesús Vázquez, no transcurso da presentación trala sinatura do convenio, no que participou Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura de Galicia; Maximino Zumalave, director asociado da Real Filharmonía; e Javier Casares, presidente da Fundación Casares.

Neste marco, e conforme ao convenio asinado, o Auditorio acollerá o día 16 de maio o Concerto das Letras, que promove o Consello da Cultura Galega en colaboración co Concello, o Consorcio de Santiago e do Consorcio para a Promoción da Música. A Real Filharmonía de Galicia e o Coro Xove da Orquestra Sinfónica, baixo a dirección de Maximino Zumalave, que interpretarán diferentes obras sobre textos de autores galegos ou de temática galega. No marco do concerto estrearáse a obra

Formiga, de Rubén Vizcaíno, a partir dun texto do libro A galiña azul, de Carlos Casares.

Pergamino

Será o perfecto preámbulo para a celebración do Día das Letras, e da homenaxe que o día 18 de maio lle renderemos a Carlos Casares na cidade. Será unha cita especial, e cunha dobre dimensión. Primeiro, a institucional, na que se lle entregará á familia un pergamino conmemorativo no salón nobre do Concello para, a continuación, celebrar un acto público, aberto a toda a cidadanía, no que se descubrirá unha placa en homenaxe a Carlos Casares, realizada polo escultor ourensán Xosé Cid. Será nun lugar moi especial: a Praza de Bispo Cesáreo, onde se atopa a sé do Liceo.

Fillo predilecto

Completárase así a sentida e cálida homenaxe que a cidade de Ourense vén tributando a Casares desde o ano 2003, cando a Corporación municipal aprobou por unanimidade incoar o expediente de honra que concluíu o día 4 de abril dese ano co seu nomeamento como fillo predilecto. 2017 continuará con máis propostas, coma o roteiro literario, exposicións, lecturas, recitais, obradoiros infantís e un simposio que serán elementos integrantes da programación cultural da cidade. “Convido os veciños e as veciñas a que gocen con esta excepcional actividade que acollerá o Auditorio, oportunidade única que escoitar a marabillosa interpretación da Real Filharmonía de Galicia, e o Coro Xove da Orquestra Sinfónica; así como da representación da obra Formiga, de Rubén Vizcaíno. Pero tamén a que reivindiquen a nosa lingua, a nosa cultura, a nosa literatura, e lembrar sempre o papel senxacional que no apoio delas xogou Carlos Casares Mouriño”, concluiu o alcalde, Jesús Vázquez.



Concerto da Real Filharmonía de Galicia.

Entrevista

Por Moncho Mariño

Victor Fernández Freixanes, presidente da Real Academia Galega

“Hoxe temos unha variedade de xéneros e estilos impensable hai corenta anos”

Víctor F. Freixanes di estar aterrando aínda no seu posto recién estreado como presidente da Real Academia Galega (RAG). Freixanes chega logo da presidencia de Alonso Montero e durante unha campaña á presidencia na que outras candidaturas mostraron a súa non conformidade co actual *statu quo* da Academia. Non obstante, o novo presidente mostra a súa ilusión diante desta nova tarefa na que di, é necesario abrir a RAG ás xentes do país.

-Como leva estas primeiras semanas como presidente da RAG?

Pois aterrando no medio de tantos papeis. Non é que estean revoltos pero para min ten moitos aspectos novos, cuestións administrativas, coñecer o persoal e un pouco intentando ver un pouco o conxunto do estado do labor da Academia, que é moi variado. Unha vez visto todo, entrar en comunicación cos distintos responsables das áreas para axudarlles a poder seguir avanzando e en todo o que poida.

-Como se compartimenta ese labor variado da Academia?

Existen tres grandes seccións, a de lingua, a de literatura e a de historia. Cada unha desas seccións divídese en seminarios e grupos de traballo, o de sociolingüística, lexicografía, que son os que alimentan o dicionario, o seminario de aportación científica e técnica, que tamén é un traballo importante e moi sistemático. Nestas áreas traballan académicos, académicos correspondentes e colaboradores externos que forman o equipo para o desenvolvemento do traballo diario. Se a isto sumamos o labor de acción social, como é o Día das Letras Galegas e as actividades da Academia de cara ao exterior, e os fondos e museo da Emilia Pardo Bazán, non é pouco traballo. Logo está que os académicos non cobramos, pero hai vinte e cinco profesionais, que é unha nómina da Academia e logo están os colaboradores e proxectos externos como o Portal das Plabras, a Primavera das Letras dirixidos a fornecer de material didáctico moitas veces á sociedade.

-Con todo ese valor engadido da Academia, hai unha parte moi importante da sociedade en Galicia que non coñece toda esa activida. Durante a súa presidencia realizarán algunha campaña que dea a coñecer todo ese lado?

Esa é unha das claves na que tamén podo achegar a miña ex-

periencia profesional. Son doutor en filoloxía, pero ademais da docencia, a miña actividade profesional estivo centrada desde os vinte anos no xornalismo ou na dirección de proxectos de industrias culturais. Para min a comunicación, tal como dixeran no meu discurso de candidatura, é un factor fundamental na sociedade contemporánea. As cousas ou se comunican ou non serven, ou somos capaces de transmitirle á sociedade galega que é a Academia e as súas funcións e a utilidade da academia, ou a sociedade considerará que é unha especie de mausoleo ou museo onde se reúnen uns señores.

A academia fai un labor, ademais do da norma que se lle outorga por lei, de limpeza, estudo, modernización e pulcritude do idioma permanente resultado de moitas horas de traballo sistemático. Ten a responsabilidade de velar polo estado e saúde do idioma. Ás veces criticando ou entrando en discusión con sectores sociais, mesmo cos responsables políticos, cos que non sempre estamos de acordo e iso é algo inevitable desde a independencia dunha institución como a RAG.

Pero, cando eu dixeran que había que chegar a Academia á sociedade, non quixen dicir que estivese afastada da sociedade. Os académicos e académicas vivimos nesa sociedade. Se tivese a relación de todo tipo de traballos que realiza a RAG nun ano, a presenza social da Academia é enorme. Non obstante, si é certo, e isto é unha autocritica que nos debemos facer, que temos que saber comunicar iso, que a sociedade ten que enteirarse de maneira sistemática e con conciencia dese servizo e utilidade. En todos os seus ámbitos.

Nestes momentos, na Academia hai corenta mil entradas diarias no dicionario online. Iso fai que sexa un dicionario revisado e vivo. É unha proba de que hai un



sector da sociedade permanentemente activo nesa cuestión.

Contamos cunha web que está enviando noticias relacionadas coas tarefas da Academia, tendo en conta que esa web non é un periódico, nin a Academia é unha asociación cultural, nin a Academia é o brazo executivo do goberno, non planificamos a política lingüística. Somos unha institución científica, mais iso non significa que non teñamos que usar as tecnoloxías da comunicación para proxectarnos cara a sociedade, cousa que nos fará máis útiles á sociedade que é o que se pretende.

-Hai algunha figura ou xénero que non estea aínda representada no Día das Letras Galegas?

Esa é unha decisión que os académicos deben tomar en cada caso e en cada momento. Nos últimos tempos fortaleceuse a entrada das mulleres, creo que hai que profundizar aí. Temos profundizado na literatura infantil e xuvenil con Fina Casalderrei, que é

un ámbito moi rico na lingua galega. Tamén me acompaña na executiva Marilar Alexandre, que é unha muller do mundo da ciencia e da tecnoloxía. O mundo da comunicación está representado por Manuel Rivas, Margarita Ledo e máis eu.

Sobre o concepto de letras galegas, e isto é unha opinión moi persoal, podémolo interpretar desde unha dimensión cada vez máis ampla. O mundo do audiovisual, o do cinema, mesmo o mundo da música e do teatro. Creo que temos que ser capaces de entender a lingua e as letras na súa visión máis pluridisciplinar, aberta e moderna. Ata hai ben pouco, pois era case previsible quen sería a persoa homenaxeada. Agora hai máis candidaturas, máis autores e autoras, máis variedade e máis discusión.

-Hai pouco coñecíase un estudo coa conclusión de que os mozos e mozas galegofalantes, deixaban o galego cando entraban en

áreas sociais como o lecer e o traballo. Non é paradoxal esta situación dada a presenza máis ampla do galego en medios ou na escola?

Seguramente ese é o grande desafío da lingua galega. Que é a renovación e continuidade xeracional. Hai un proceso que non se oculta nin á sociedade nin aos sociolingüistas, que é unha certa ruptura na transmisión da lingua de pais a fillos. Cousa que viña dada polos prexuízos lingüísticos, pois mesmo nas aldeas os pais falaban en castelán aos fillos porque querían que saísen dese atraso e pobreza co que tamén identificaban o galego. Afortunadamente iso, na medida na que a lingua gañou prestixio, estatus e consideración social, e tamén en valor económico, iso deberíamolo ir superando. Non obstante, vai lentamente porque as mentalidades son moi difíciles de cambiar. Unha vez que penetra unha idea no ADN é moi difícil cambiala, por tanto aí é onde temos que traballar e non só a RAG, senón todas as institucións e individualidades preocupadas e comprometidas co idioma nas novas xeracións. Temos que darlles recursos, un entorno, potenciar a produción cultural, os espazos de consumo, de lecer e de socialización.

A Academia avisa da situación do galego na mocidade, pero as medidas téñenas que tomar os poderes ou responsables políticos e por outra banda, temos que crear o estado de conciencia civil para que o conxunto da sociedade se implique. Porque tampouco isto se resolve mediante real decreto. Resólvese motivando e concienciando aqueles sectores sociais digamos dirixentes, que non son só os políticos, senón sectores económicos, sociais ou financeiros. A lingua é de todos e a responsabilidade da lingua é de todos e todos teñen que implicarse nesa épica. Para iso hai que valorar o patrimonio que é a lingua e aí a Academia ten que ser un elemento fundamental nese proceso.

-Existen modelos de inmersión, como o Modelo Burela. Cal é a súa opinión sobre modelos como este?

Todo depende, e isto é unha opinión persoal, do contexto no

Entrevista

que se desenvolva o modelo. Si que creo que a lingua galega ten que ter unha presenza activa nos ámbitos urbanos, que é onde se producen os procesos máis desgaleguizadores. Entón ten que ver cunha política, non sei de inmersión total, pero si de presenza activa do idioma desde a escola infantil. Tamén hai que traballar os pais para que entendan que non é unha imposición, é valorar unha riqueza que temos. Iso significa unha lei de normalización que desgrazadamente está atrancada. Creouse outra pero, iso debiera levar a un grande debate a todos. Para un número importante de persoas, a palabra "pacto", pois é unha palabra morna e para algúns case que é unha claudicación. Ben, todos temos que ceder algo para avanzar, pero non podemos renunciar os principios. A lingua galega necesita de acordos entre todos os sectores da sociedade. **-Mesmo os que manifestaron a súa oposición a ese tipo de acordos?**

Mesmo con quen non a fala. A unanimidade non se vai conseguir nunca. O propio é buscar unha maioría xenerosa a prol do idioma. Todos temos que ceder algo.

-Vostede tamén é autor, a última novela súa foi "Cabalo de Ouro" do 2011. No momento de afrontar a escritura e corrección da novela, que diferenzas veu se compara esa novela con, por exemplo, "O triángulo inscrito na circunferencia"?

Un vaise facendo maior e gaña nalgúns aspectos e noutros pois pode perder frescura, non o sei. Téñeno que decidir os lectores ou os críticos. "Cabalo de Ouro" pretende pechar un círculo que comeza con "O triángulo inscrito na circunferencia" e no que se pode incluír "A cidade dos césa-res". Por onde vou seguir agora? Non che sei. Digo sempre en broma "de maior quero ser escritor", pero realmente a vida levounme por camiños diversos. Caín na conta que aquí había que construír unha infraestrutura cul-

tural, industrial para a cultura e unha infraestrutura para a literatura. Porque se ti fas cinema, música pero non hai produtoras ou editoras ou distribuidoras, pois mira, iso é como estar morto. Por iso unha parte da miña actividade estivo centrada no mundo da xestión da empresa. Quería participar na construción do que eu chamo "o galeguismo civil", por en valor a súa cultura. Iso ocupoume tempo, houbo un tempo que fun xornalista e escritor, logo profesor e outras persoas identificáranme como empresario. Pois non renuncio a iso, forma parte da miña biografía.

-Desde a súa perspectiva como autor e persoa envolta no mundo da creación literaria, que diferenzas existen entre as temáticas que se tratan hoxe e as dos anos nos que vostede comezou?

Cando comecei a ter conciencia da existencia da literatura galega, había sota, cabalo e rei e se queres, o sete de copas ás veces. Tiñamos Castelao e Otero



quecemento e a actividade do país, porque digo sempre que podo ser optimista, pero é que hai que ser optimista. Se producimos mesmo viño para os americanos, se somos unha potencia na pesca quere dicir que este país non é pobre nin parvo. Temos que ser capaces de vertebrar iso nun discurso integrador, que é un discurso político en grande medida, que afirme a identidade dunha nación. Niso é onde está a lingua e moitas outras cousas.



Día das Letras Galegas 2017 dedicado a Carlos Casares

Viaxeiro incansable, gran conversador, tolerante e, sobre todo, sempre tendendo pontes, Carlos Casares chegou á literatura galega como un renovador da súa narrativa.

"Claro que a xente do lugar ten un contrasinal para coñecer a verdadeira galiña azul. Xa cho direi cando veñas. Mañá vou de viaxe. Cando volva, seguireiche contando historias, que por aquí sempre hai algo que contar."

A galiña azul. Carlos Casares, homenaxeado no Día das Letras Galegas 2017

17 de maio
Día das Letras Galegas

galicia
o bo camiño

Letras Galegas

Por Félix Caballero

Bordallo Pinheiro e Castelao: pais e cumios do humor gráfico galaico-portugués



Bordallo P.: autocartoon (1903)

Raphael Bordallo Pinheiro (Lisboa, 1846-1905) e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, A Coruña, 1886-Bos Aires, Arxentina, 1950) son os pais e os cumios do humor gráfico galaico-portugués. Nin Bordallo foi o primeiro caricaturista de Portugal nin Castelao o primeiro de Galicia, mais, pola calidade e a influencia da súa obra, son considerados os verdadeiros creadores –os lexítimos pais– do humor gráfico moderno en Portugal e Galicia, respectivamente. E aínda hoxe, moitas décadas despois da súa morte, e malia a existencia posterior doutros artistas aos que se lles debe dar tamén a categoría de mestres –Leal da Cámara, Stuart Carvalhais ou João Abel Manta en Portugal; Maside, Cebreiro, Atomé, Quesada, Siro ou Xaquín Marín en Galicia–, seguen a representar os cumios do humor gráfico galaico-portugués.

Raphael Bordallo Pinheiro (escrito tamén Rafael Bordalo Pinheiro) revolucionará o humor gráfico portugués coa fundación de catro sobresaíntes publicacións periódicas. De 1875 data a primeira, A Lanterna Mágica, coa que o humor en prensa conquista a maioría de idade en Portugal. É aí onde, o 12 de xuño de 1875, crea a Zé Povinho, símbolo iconográfico do portugués como pobo, que axiña

pasará a prototipo da sátira caricatural portuguesa.

Tras o peche ese mesmo ano d'A Lanterna Mágica, Bordallo emigra a Brasil, aproveitando unha oferta para traballar en Río de Xaneiro. Ao seu regreso, en 1879 crea O António Maria, cuxo nome fai referencia a António Maria Fontes Pereira de Mello, o home forte da política da época (primeiro ministro de 1871 a 1886 durante tres mandatos interrompidos) e un dos principais

políticos portugueses da segunda metade do século XIX, ao que converterá na vítima favorita das súas caricaturas. É neste xornal onde publica como encarte entre 1880 e 1885 o seu soado Álbum das Glórias portuguesas.

O António Maria desaparece en 1885 para reaparecer aos poucos meses co título de Pontos nos ii. En 1891 o Goberno ilegalízao e Bordallo resucita O António Maria (2ª época), que durará ata 1898.

A Paródia (1900-1906) é a última gran revista de Bordallo, que publica nela a serie zoomórfica que podemos considerar como a súa testamento artístico: A política: a grande porca; As finanzas: o grande cão; A economía: a galinha choca; A retórica parlamentar: o grande papagaio; e A reacción: a grande toupa. Na publicación colabora activamente Manuel Gustavo Bordallo Pinheiro (1867-1920), fillo do mestre e un dos raphaelistas máis destacados do seu tempo, eclipsado polo seu pai.

Bordallo revolucionou tamén a industria da cerámica, convertendo Caldas da Rainha na capital da caricatura en barro a partir de 1884, cando foi reclamado como director artístico polo seu irmán Feliciano, impulsor da fábrica.

En 1924, vinte anos despois da súa morte, inaugurouse en Lisboa o Museo Raphael Bordallo Pinheiro,

onde se pode admirar unha sobresaínte escolma de caricaturas e cerámicas do artista portugués.

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao debuta en 1909 asinando a portada do primeiro número da revista viguesa Vida Gallega. Logo foi director gráfico e administrativo d'O Barbero Municipal (Rianxo, 1910), mais será nos diarios, e en concreto nos vigueses Galicia, Faro de Vigo e El Pueblo Gallego, onde realizará o mellor da súa obra como debuxante de humor. No primeiro, en xullo de 1923, nacen as súas Cousas da vida –o seu traballo humorístico máis recoñecido–, que continuará de 1926 a 1933 en Faro de Vigo. En 1931 publicou o álbum Nós –con debuxos realizados entre 1916 e 1918–, considerado outra das súas obras cume.

Aínda que o galego naceu e principiou a súa carreira corenta anos despois que o portugués, entre un e outro descubrimos unha serie de interesantes paralelismos:

Os dous parten do estilo do seu tempo para crear unha obra xenial

Bordallo e Castelao son fillos do

e outros caricaturistas franceses en La Caricature (1830-1835) e Le Charivari (1832-1837), fundadas ambas as dúas por Charles Phippon (Lyon, 1800-París, 1862). Pero non cae nas caricaturas camaróns creadas polo francés André Gill (París, 1840-Saint Maurice, 1885) durante o Segundo Imperio, nas que a cabeza é enorme e o corpo diminuto.

Castelao practica a caricatura síntese, de liña, de forte pegada modernista, posta de moda en toda Europa pola revista alemá Simpli-cissimus, na que colaboraron caricaturistas como o noruegués Olaf Gulbransson (1873-1958) ou o xermano George Grosz (1893-1959).

A caricatura síntese despraza a caricatura naturalista da etapa anterior. Xa non se trata de esaxerar ningún risco, senón de escoller só os esencialmente expresivos, suprimindo todos os demais. Como dixo o propio Castelao na súa conferencia Algo acerca da caricatura (1911), “débase copiar a actitude e a expresión dun momento psicológico característico, as súas idiosincrasias se é posíbel; e todo isto coa menor cantidade de liñas, as indis-



Castelao: autocartoon (1911)


liñas sinxelas, que representaban os elementos esenciais das personaxes, senón uns debuxos nos que predomina o sombreado, o claroscuro e as tonalidades negras. Na serie Os meus compañeiros, realizada en Bos Aires entre 1940 e 1941, o artista acada o cumio do realismo. O estilo de Castelao non sempre foi o mesmo e por iso, ao referirmonos á súa obra, falamos, segundo o momento, de modernismo, arte xaponesa, expresionismo ou realismo. En calquera caso, foi un artista autodidacta que non quixo facer unha arte vangardista, senón que fose entendido e popular.

Os dous son máis irónicos ca satíricos

Tanto Bordallo Pinheiro como Castelao son máis irónicos ca satíricos, máis críticos ca panfletistas. A sátira partidista e panfletaria dos caricaturistas anteriores deixa paso, con eles, a un humor moralizante, que pon de manifesto os vicios da sociedade para os corrixir.

O historiador portugués Osvaldo Macedo de Sousa di de Bordallo que “con el nace o debuxo humorístico xeralista, recusando a función de denunciador de ridículos para ser un ‘orquestrador de motivos risíbeis’. Prefire a ironía á sátira, e aínda que agora opte por se rir cos criticados, en troques de, non deixa de desexar ser incómodo. El definirá entón a arte do humor como ‘o mesmo que cravar un cravo no acabado novo dunha casa, coa protesta das autoridades. Caricaturizar é esnaquizar ese acabado’.

O mesmo podemos dicir de Castelao. Esnaquizar ese acabado ou morder. En palabras do propio hu-



I—A Política: a Grande Porca

seu tempo e, xa que logo, parten dos estilos imperantes naquel momento, pero o xenio que encerran lévalles logo a facelos seus e transcendelos, apuntando novos camiños.

Bordallo practica a caricatura naturalista posta de moda en Europa e América por Honoré Daumier (Marsella, 1808-Valmondois, 1879)

pensábeis para comprender a expresión, pois xa se sabe que non a anatomía senón a fisioloxía do individuo (...) é o que se retrata’.

A síntese expresiva das súas Cousas da vida, realizadas durante os anos vinte e primeiros trinta do século pasado, devén en realismo nos álbums da guerra. Non son as ilustracións compostas a base de

morista (Humorismo. Dibujo humorístico. Caricatura, 1961): “Poida que non sexan humorismo nin a sátira nin a ironía, mais, con todo, coido que diante das mágoas da terra asoballada calquera humorista de boa cepa galega ten de converterse en satírico ou ironista [...] ou meu galeguismo estame sempre dicindo á orella: ti, que podías rir, morde”.

Por suposto que o caricaturista galego é tamén satírico, mais, como sinala Carlos G. Reigosa, a súa ironía non se desprende nunca do sentimento para camiñar soa. A súa crítica pode ser desapiadada, pero está sempre acompañada dunha inmensa tenrura. Por iso, Siro di que Castelao é esencialmente “un humorista benévolo –un humorista puro–”, aínda que unha actitude moral o leve ocasionalmente a utilizar o sarcasmo.

Aos dous podemos aplicar tamén a seguinte frase de Jose Maria Eça de Queiroz, bo amigo de Bordallo: “O riso é unha filosofía. Moitas veces, a riso é unha salvación. E en política constitucional, polo menos é unha opinión”.

En calquera caso, Bordallo é un caricaturista de políticos e artistas, con nomes e apelidos; Castelao (que tamén deixou grandes caricaturas persoais), de caciques e labregos anónimos.

Os dous crearon escola

Tanto Bordallo como Castelao crearon senllas escolas que chegaron ata os nosos días.

Pode dicirse que entre 1870 e 1910, o 90% dos caricaturistas portugueses seguían a escola de Bordallo e aínda hoxe, 112 anos despois da súa morte, hai humoristas gráficos raphaelistas en Portugal. Entre estes seguidores

destacan o seu contemporáneo Sebastião Sanhudo (Ponte de Lima, 1851-1901) –fundador de O Sorvete, o xornal satírico portugués máis lonxevo do século XIX–, o seu fillo Manuel Gustavo Bordallo Pinheiro ou Francisco Valença (Lisboa, 1882-1959), principal debuxante e director de Sempre Fixe, a publicación humorística portuguesa máis importante do século XX.

En Galicia, antes da Guerra Civil, entre 1910 e 1936, a práctica totalidade dos caricaturistas estaban influenciados por Castelao, aínda que tivesen as súas particularidades.

A etapa que vai de xaneiro de 1909 ao 18 de xullo de 1936 foi a época dourada do humor gráfico galego, aínda non igualada ata hoxe. Nun país con poucas publicacións e menos lectores, chegou a haber preto dun cento de humoristas que publicaban viñetas en galego ou bilingües, para causaren máis graza ou para diferenciaren a condición social ou económica dos personaxes: o labrego, o mariñeiro sempre falan galego; o señorito, o mestre sempre castelán.

Algúns destes humoristas eran meros afeccionados, pero no máis dos casos trátase de artistas que se sentiron atraídos pola moda do momento, xa que era infrecuente a publicación que non engadía nas súas páxinas algún mono ou caricatura. Agás raros casos, a maioría foron seguidores e imitadores da obra de Castelao. Algúns destes artistas chegarían a estar entre os grandes renovadores da arte galega no século XX: Maside, Torres, Seoane, Laxeiro... Practicamente non houbo un artista plástico galego que non fixese humor gráfico nalgún momento da súa vida: Colmeiro, Grannell ou Asorey tamén o fixeron.

Entre este cento de humoristas podemos destacar a Carlos Maside, Álvaro Cebreiro, Manuel Torres, Cândido Fernández Mazas, Ignacio Vidales Tomé, Eduardo Padín, Xaime Prada, Federico Ribas, Xulio Prieto Nespereira, Máximo Ramos, Ventura Requejo, Manolo Romano...

Tras a Guerra Civil, e malia que Castelao estivo proscrito e as súas Cousas da vida non se editaron practicamente ata 1971, o espírito do rianxeiro permanece vivo en autores como Atomé, cuxas viñetas mostran a mesma preocupación amorosa polo labrego, ou Xesús Conde, que se declaraba “o derradeiro discípulo de Castelao”.

Aínda nos anos 70 do pasado século, Siro foi chamado o novo Castelao, aínda que, como el mesmo di, os seus debuxos se parecen “coma un ovo a unha castaña”. Pero si é certo que Siro cimentou o seu estilo no estudo do rianxeiro. E, doutro xeito, a síntese expresiva de Castelao está tamén en Xaquín Marín ou Pepe Carreiro.

Os dous souberon encarnar o pobo nas súas caricaturas

Ambos os dous souberon encarnar o seu pobo nas súas caricaturas: Bordallo, en Zé Povinho, o personaxe que creou n’A Lanterna Mágica en 1875, e Castelao, en calquera dos seus paisanos (homes, mulleres, vellos, nenos), que expresan a esencia dos galegos con fondura e verdade.

Zé Povinho, o meirande acontecemento de toda a ilustración satírica portuguesa, apareceu por primeira vez o 12 de xuño de 1875 no número 5 d’A Lanterna Mágica e deseguido se converteu en símbolo de Portugal, como o John Bull inglés, o Tío Sam estadounidense ou a Marianne francesa. Pero, por primeira vez e case única no mundo, Portugal non crea un símbolo iconográfico do país, senón do pobo. Os outros símbolos son iconas de orgullo nacional, mentres que este é máis ben de vergoña. Segundo Macedo de Sousa: “Non é unha icona de orgullo nacionalista, senón unha grotesca síntese do pobo. É a imaxe do rústico que se mantén pasivamente indolente diante das argalladas dos gobernantes, diante da expoliación das súas pertencas e dereitos, que se mantén indiferente ao progreso”.

Co tempo, de icona do pobo pasará a prototipo da sátira caricatural portuguesa. Ten sido reelaborado por moitos outros humoristas ao longo da historia, cunha presenza recorrente. Aínda hoxe podémolo atopar na prensa.

A partir do derradeiro cuarto do século XIX tomou forma tridimensional coa popularización da cerámica da fábrica de Caldas da Rainha.



Bordallo Pinheiro: Zé Povinho (O António Maria, 1880)

Malia a antigüidade e do extraordinario éxito do Zé Povinho de Bordallo Pinheiro, o humor gráfico portugués non ten sido moi dado a xerar heroes. A excepción foron Quim e Manecas, de Stuart Carvalhais –nados o 21 de xaneiro de 1915 no número 898 d’O Século Cómico–, mais non era un cartoon político, senón infantil. O meirande heroe do humor gráfico portugués desde Zé Povinho foi o Garda Ricardo, creado por Sam (1924-1993) en Notícias de Amadora en 1971, case que cen anos despois que o personaxe de Bordallo, mais morreu co seu creador. Segundo Macedo de Sousa, “a dúbida sistemática do Garda Ricardo e do Chefe [o seu antagonista] marcou, en ironía, as dúbidas da transición marcelista, e despois da democracia. Hoxe, a súa revisión é un retrato psicolóxico da sociedade ao longo destes anos”.

Castelao fixo dos problemas dos seus paisanos labregos e maríneos o centro da súa obra: a inxustiza, a emigración, o caciquismo, o réxime foral, a miseria, os costumes, as crenzas, a forma de ser... Como di Siro, tantos os seus debuxos como os textos que os acompañan están tirados do propio pobo, zumegan unha asombrosa autenticidade galega. As súas estampas “admiránnos polo extraordinario dominio que demostra ó apreixar nunhas

poucas liñas todos os rostros posibles de homes, mulleres e nenos do país. Cando Castelao deseña o rostro enxoiado e cheo de enrugado do vello labrego temos ante nós un labrego que se nos amosa familiar, coma alguén que coñecemos un día non sabemos cando. E outro tanto podemos dicir do mariñeiro, do cacique, do cego, do crego, do emigrante ou do vello que pide esmola”.

Os dous deixaron un testamento artístico

Aínda que especialmente coñecidos polos xornais A Lanterna Mágica ou O António Maria (Bordallo) e a serie Cousas da vida ou o álbum Nós (Castelao), os dous caricaturistas deixarán o que podemos cualificar do seu testamento artístico nalgúns obras mestras posteriores.

Bordallo, a serie zoomórfica que publicou n’A Paródia en 1900: A política: a grande porca; As finanzas: o grande cão; A economía: a galinha choca; A retórica parlamentar: o grande papagaio; e A reacción: a grande toupa. Podemos considerala como a síntese satírica da visión política de toda unha vida.

Castelao, os tres álbums sobre a Guerra Civil: Galicia mártir (1937). Atila en Galicia (1937) e Milicianos (1938). Os dous primeiros mostran, con gran crudeza, a represión exercida polo bando na-



Castelao: labrego.

Letras Galegas

cional. O terceiro rende homenaxe aos combatentes que defenderon a República. Son, en total, trinta e unha obras que foron expostas na Unión Soviética, nos EEUU e en Cuba, pois serviron como propaganda política da República.

Os dous colaboraron na prensa de Madrid

Tanto Bordallo Pinheiro como Castelao colaboraron na prensa de Madrid, ata nun mesmo periódico, La Ilustración Española y Americana, claro que un moitos anos antes que o outro.

Bordallo debuxou para El Mundo Cómic (1873), La Ilustración Española y Americana, La Ilustración de Madrid e El Bazar. O seu internacionalización non se circunscribe só a España, senón que chegou tamén a Francia (L'Unives Illustré) e Inglaterra, onde colaborou en The Illustrated London Almanac e The Illustrated London News. Para este último periódico cubriu como reporteiro gráfico (ilustrador) a III Guerra Carlista en 1873, para o que viaxou a España canda o redactor William Ingram. Bordallo chegou a declinar o convite de ser ilustrador residente da revista.

Castelao colaborou no diario El Sol –o xornal de meirande prestixio e tirada na España da época– desde febreiro de 1918 ata xuño de 1922. Igual que Bordallo con The Illustrated London News, rexeitou o traballo fixo na redacción que lle ofreceron. No diario madrileño coincidiu co catalán Bagaría, que lle consideraba o mellor debuxante

español da época. En El Sol colaborarían tamén os galegos Maside, Cebreiro e Torres, na sección Los maestros de la historieta, mesmo con viñetas en lingua galega. Outras publicacións madrileñas nas que colaborou Castelao foron El Liberal (1912), El Gran Bufón (1913), El Parlamentario (1914), La Ilustración Española y Americana (1915) e La Esfera (1918).

Por primeira vez os humoristas galegos eran reclamados pola prensa de Madrid. Despois da Guerra Civil, a partir dos anos 50, tamén colaborarán nela Julio Cebrián e Alfonso Abelenda (Don José, La Codorniz, El Alcázar no caso de Cebrián), mais estaban radicados en Madrid, e máis tarde, desde finais dos 60, Quesada (La Codorniz, Arriba, Pueblo) e Xaquín Marín (Hemano Lobo, La Codorniz), estes últimos sen deixar de vivir en Galicia.

Os dous emigraron

Os dous viviron a experiencia da emigración, aínda que dun xeito moi diferente: mentres que no caso de Bordallo foi temporal e escollida (pasou catro anos no Brasil traballando na prensa despois do éxito acadado en Portugal con A Lanterna Mágica), a de Castelao na Arxentina –onde xa vivira cos seus pais durante a súa infancia– foi forzada e indefinida por mor da Guerra Civil e da ditadura en España.

Tras o éxito conseguido con A Lanterna Mágica, o debuxante portugués foi convidado a viaxar ao Brasil para traballar n'O Mosquito,

de Río de Xaneiro. A finais de 1878, a redacción d'O Besouro, o xornal fundado por Bordallo Pinheiro no Brasil tras o peche abrupto d'O Mosquito, foi asaltada polo populacho, pago para o efecto e protexido pola policía. O propio caricaturista sufriu, ademais, dous atentados de sicarios enviados por inimigos que foran vítimas do seu humor. Bordallo resolveu pechar a publicación e volver a Portugal en marzo de 1879.

Castelao pasou parte da súa infancia e adolescencia na Arxentina. Aos nove anos marchou alá coa súa nai para se reuniren co pai, que emigrara antes só. A familia viviu na Pampa, onde Castelao descubriu o humor gráfico a través de Caras e Caretas, a publicación na que traballaba o lucense Xosé María Cao. Na Arxentina pasaría cinco anos (1895-1900), antes de volver a Galicia para estudaro bacharelato e Medicina en Santiago de Compostela. Moitos anos despois, en 1938, por mor da Guerra Civil e da ditadura de Franco, tivo que partir para o exilio, primeiro nos EEUU e Cuba, e logo, a partir de 1940, na Arxentina (Bos Aires), onde viviu ata a súa morte en 1950.

Os dous tiveron relación co teatro

O teatro foi a primeira vocación de Bordallo Pinheiro, que con catorce anos traballara xa como decorador de sala, escenógrafo e actor no Teatro Garrett de Lisboa, antes de se inscribir na Escola Dramática do Conservatorio da capital portu-



Castelao: "Canto pesa e como fede!" (Nós, 1931)

guesa, que abandonaría. En 1873 e 1874 realizou senllas series de litografías con caricaturas dos principais actores portugueses da época (João Anastácio Rosa, João Rosa, Francisco Taborda, António Pedro, José Carlos dos Santos...). O teatro estará sempre presente nos seus xornais. Así como foi un cronista da sociedade lisboeta, foi tamén un reporteiro da vida do Teatro de São Carlos, destacando as estreas, comentando as vicisitudes empresariais, caricaturizando os grandes ídolos que por aí pasaron ou

usando as grandes óperas para parodiar a política nacional.

Castelao foi un revolucionario do teatro galego: ao comezo do seu exilio, escribiu en Nova York Os vellos non deben namorarse, mais tamén deseñou os escenarios, o vestuario e as máscaras dos actores, ademais de dirixila na súa estrea, en Bos Aires en 1941. Antes, en 1931 fixera, a petición de Ramón María del Valle-Inclán, os decorados e figuríns para a súa obra Divinas Palabras, obtendo un grande éxito en Madrid.



Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO



PONTEAREAS

**986 66 13 90
986 66 13 89**

A GUARDA | 986 61 43 61



Por: Luis Gonçalves Blasco "Foz"

Ricardo Carvalho Calero

A importância de Carvalho Calero como historiador e crítico da nossa literatura, assim como o papel jogado no processo normalizador da nossa língua, tem obscurecido um tanto outros aspetos da sua biografia. Não há muita gente a saber que em 1931 redigira conjuntamente com Lois Tobio o anteprojeto do estatuto de autonomia do Seminário de Estudos Galegos editado a 6 de maio com o estudo económico elaborado por Bóveda. O primeiro artigo dizia: A Galiza é un Estado libre dentro da República Federal Española, este projeto não pode ter continuação ao se discutir a constituição da república e não sair adiante a proposta de república federal. Em 14 de junho aparece o manifesto A esquerda galeguista fá-lle ó país assinada por um monte de gente entre os que figura Carvalho que participa em dezembro na fundação do PG de cuja direção sempre formou parte.

A sublevação militar-fascista surpreende Carvalho em Madrid, onde fora para participar como compromissário na eleição do presidente da República; alista-se como miliciano no batalhão Félix Bárzana da FETE-UGT e participa na defesa da cidade, sendo ferido num olho. Pouco depois, o exército republicano chamou os combatentes com estudos para que fizessem cursos de oficiais na escola valenciana de Paterna, em Valência Carvalho recupera o contato com Castelao e outros galeguistas, ao rematar o curso dá-se-lhe o grau de "tenente em campanha" e foi destinado ao corpo de exército de Andaluzia nomeadamente a Jaén onde estará até o fim da guerra. Quando se derrumba o exército republicano é feito prisioneiro e encarcerado no



antigo convento de Santa Úrsula em Jaén. Em conselho de guerra de 22 de abril de 1939, Carvalho é condenado a 12 anos e um dia de reclusão maior. Em maio de 1941, passa a ser um penado em liberdade condicional que tem que se apresentar regularmente na prisão (de Ferrol) até a extinção da pena. A 25 de maio chega a Lugo, onde fora viver a mulher, e pode conhecer a sua filha Margarida, nascida 5 anos antes e que nunca o vira. De Lugo retornaria Carvalho ao seu Ferrol natal para procurar trabalho como docente; ainda que numa condições que devemos considerar precárias. Em palavras do próprio Carvalho:

Regresei a Ferrol e dediquei-me ao ensino privado. Ainda que dunha forma praticamente, ou mais bem teoricamente, clandestina; porque non podía estar colexiado a consecución da condena que se me impuxera. Pero havia directores ou propietarios de centros que me davan traballo.

Muito desta parte da vida de Carvalho aparece romanceado no seu magnífico Scórpio que aguarda uma necessária reedição por achar-se esgotado há anos.

Acabando a década dos 40 António Fernández López, grande mecenas da cultura galega, decide criar em Lugo um colégio de novo

tipo, para isso põe-se em contato com Carvalho que voltará a Lugo para criar com Fernández o colégio Fingói, nele desempenhará a função de diretor, ainda que oficialmente não o podia ser e ocupasse esse posto uma professora de Ciências. Carvalho aparecia apenas como "Conselheiro Delegado do Patronato". Vejamos as características de Fingói em palavras do próprio Carvalho:

Aspirava-se a centrar o ensino no meio



Homenaxe a Ricardo Carvalho Calero realizada no ano 1988 pola APLL (Asociación de Profesores de Lingua e Literatura)

galego, a arraigar fortemente a educação no ambiente do país. Rejeitava-se toda pedantaria livresca que confundisse a formação dos rapazes com a erudição infantil, despersonalizada e apátrida. Nom se tratava de educar os alunos como se fossem habitantes de qualquer país, come existisse umha educação uniforme para qualquer país. Sem pretender introduzir novas teorias, senom aspirando somente a praticar teorias razoáveis, procurávamos, sem minguar de lhes fornecer os conhecimentos hoje necessários para qualquer home civilizado, proporcionar aos alunos umha imagem imediata do mundo em que viviam, que lhes permitisse desenvolver-se com eficaz cultura no seu próprio meio.

Mas em Fingói não limitavam a um ensino, bem diferente por certo, e as ideias de Carvalho e António Fernández iam mais longe. Assim nasce o Centro de Estudos Fingói ao que se devem importantes obras como Versos iñorados ou esquecidos de Eduardo Pondal preparado pelo próprio Carvalho, Contos populares da provincia de Lugo, coletânea de contos recolhidos por mestres de primeiro ensino da boca do seu alunado e a edição das antigas de Pero Meogo feita por Méndez Ferrín tanto ele Bernardino Graña, que preparou a edição dos Contos, foram bolseiros em Fingói. Durante a sua

estadia em Fingói elaborou Carvalho a sua monumental Historia da Literatura Galega Contemporânea, cuja primeira edição é de 1963.

Em 1965, na faculdade de Filosofia e Letras da universidade de Santiago criase a seção de Filologia Românica com algumas horas de língua e literatura galegas que lhe são oferecidas a Carvalho, este trabalho não lhe permitiria viver mas o mesmo ano revocam-se as interdições existentes contra os funcionários republicanos e convocam-se para outubro, em Madrid, as oposições que ficaram interrompidas em 1936. Carvalho foi às mesmas sacando o número 1 como professor de letras, graças a isso consegue um posto de professor adjunto no instituto Rosalia de Castro. Em 1965 começa pois a ser professor em Santiago na universidade e no instituto; cobrando o seu primeiro soldo como professor estatal.

Como professor de língua e literatura galegas, publica em 1966 a primeira edição da sua Gramática, ainda que dera aulas de galego a alguns dos seus companheiros no cárcere de Santa Úrsula, elaborando para eles uns manuscritos

1. E tendo em conta as aportações recebidas de Bóveda e Paz Andrade
2. Fora funcionário do concelho de Ferrol.

Xinzo homenaxeia a Casares

O secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, reuniuse co alcalde de Xinzo de Limia, Antonio Pérez, para coordinar o acto institucional o 17 de maio, Día das Letras Galegas, no marco dunha xuntanza na que tamén participaron o concelleiro de Cultura, Luis Miguel Gil, e o presidente do Centro PEN Galicia, Luís

González Tosar. A homenaxe institucional da Xunta de Galicia a Casares e o acto principal da Real Academia Galega terán lugar o próximo 17 de maio no municipio limiao, ao que o escritor foi vivir coa súa familia aos catro anos de idade. As vivencias na comarca da Limia tiveron unha destacada pegada na obra literaria de Casares.



Miguel Gil, Luís Tosar, Antonio Pérez e Anxo Lorenzo.

Libros


Por: Carlos Méixome

Non era doado o mandado: facer un libro sobre os toliños de Xinzo. A tentación, ensarillar unha serie de anécdotas sobre a restra de personaxes virados polo vento do Larouco, polas badaladas de Antioquía, polo croar das rás, ou, explicación xenérica das rarezas ourensás, polo licor-café. Tese á que se apunta non só un amigo meu miñorán, senón, tamén, o mesmísimo Otero Pedrayo.

Mais non estamos ante un principiante, nin ante un afeccionado. Senón ante Antón Riveiro Coello. O escritor de Xinzo, asentado en Boiro, ten demostrado ser un dos grandes narradores contemporáneos da literatura galega e, ao tempo, quen de manter unha produción constante, profesional, de veterano escritor a pesar da súa xuventude. Así que o encargo de Casares que o autor rememora nas paxinas iniciais da novela non ficou nun relatorio de rarezas e/ou excentricidades senón que se artellou como escintilantes pedriñas preciosas inseridas nun colar traballado por un prateiro de tradición. Riveiro Coello ofrécelle ao seu paisano un éxito póstumo como editor e unha homenaxe estilística na procura da sobriedade, da sensatez, da contención, da aparente sinxeleza, do sorriso irónico e por riba de todo da narración ben construída e comprensíbel.

A Marcelino, “o xograr de Villalón”, tanto lle ten ler o xornal do dereito como do revés pois as novas aconteceran tres décadas atrás: “Hitler invade Polonia”. O “Tiroliro” recolle cabichas e Clarita papeis na procurado documento das partillas. Agustín “O Vicentito” conduce un tráiler que só el ve, que, de cando en vez, se transforma nun avión que só el olla, mentres non para de dar voltas arredor de si. As irmás “Sabidillas” teñen un estanco e “A Virucha” outro que non abandona nunca e, por iso, mexa no balde; está casada co “Parrandeva” que ten unha coxeira que semella estar a quitar auga do pozo. O “tenente Mateo” é policía secreto en exercicio permanente; don Ramiro, o mestre políglota, alcumado “O Estranxeiro”; Pepe Tejada anda sempre a preguntar canto mide un quilo; o Pelado de Damil é un franquista elocuente; JB, un toureiro carente de valor pero sobrado de estilo; Rafa Cacá, un anano bombeiro e toureiro; o “Fona” anda atarefado en medir os peidos; Enrique “Picamoca” recolle cabichas e cando o mandan ir á seitura di que non, “que pica a moca”; O Manequín ía disfrazado

Memoria da inocencia



todo o ano menos no Entroido que andaba espido ... e así... algúns máis. Desta panoplia de “feridos polo vento” destacan dous: o avó Mauro “O morto”, resucitado polo magnesio da cámara fotográfica axuntaba ao seu redor todos os inocentes, parviños ou toliños da vila e dos arredores dos que levantaba exhaustivo censo, e Demetrio, o de corpo lambido, que foxe da vila tan pronto tocan a morto e planta unha árbore cando nace un neno, tras do preceptivo informe do sanatorio.

Na sociedade rural e vilega da altura as persoas viradas da cabeza non eran atendidas das súas doenzas, mais tampouco eran, de xeito xeral, encarceradas nos manicomios, agás no caso de comportamentos agresivos. O non tratamento significaba agravar o seu sufrimento; o non encarceramento xeneralizado, reducilo. No relato de Riveiro, só nunha ocasión se encerra, por breve tempo, un dos toliños en Toén. Sirva esta referencia para recordar que naqueles anos Franco Basaglia afirmaba que a loucura era unha enfermidade resultante da marxinalización económica e lideraba un amplo movemento intelectual e político que logrou a paulatina clausura dos hospitais psiquiátricos italianos a partir de 1978. Na mesma altura David Cooper ou Ronald D. Laing, dende a mesma psiquiatría, e Foucault e outros, dende

a sociopolítica, realizaban duras críticas da psiquiatría tradicional nun movemento, que non foi tal, denominado “antipsiquiatría”, alcuño no que poucos dos seus teóricos se recoñecerían. Mesmo por aquel tempo (1973-1975), cando o avó Mauro andaba a tomar notas para o seu arquivo da tolería limiá, houbo un intento de reforma da asistencia no psiquiátrico compostelán de Conxo que rematou coa derrota dos reformadores e o despido dalgúns deles.

Ora ben, Riveiro trata a súa inzada requitropa de tolos, aventados, parviños ou inocentes cun ton de normalidade que provoca un breve sorriso e non unha gargallada insultante. Afástase en todo momento tanto dun paternalismo de merengue como dun psicoloxismo pretencioso. Os tolos viven e conviven con normalidade na vila, camiñan polas rúas, teñen as súas rutinas, son uns veciños máis... o policía secreto axuda o pai do protagonista nas súas tarefas de gardar a orde, uns e outros comen na casa paterna, o vello cárcere municipal, e dialogan co avó Mauro no seu cuarto que aínda conserva o enreixado da antiga cela. Cando o Cubano se empoleirou, en coiros, na fonte nova, o avó discute cun veciño o que cómpre facer nestes casos; este dille:

“Haberá que chamar ao manicomio de Toén para que leven este

tolos

E quen o diagnosticou? Ti es doutor?- pregúntalle o avó Mauro con certa retranca.

Home... Non sei.

Pois se non ten diagnóstico, de momento o que temos é un home en pelotas subido no alto da fonte, e a quen hai que chamar é a Benemérita ou os gardas municipais...” (p. 54)

Mais a novela está construída ao redor de Antón, un mozo adolescente, trasunto do autor, moito máis do que poida un pensar, que nuns poucos días do verán de 1978 vai descubrir o amor, a morte, o sexo ... Poderíamos, pois, denominala unha novela de formación? Si, pero demasiado simple. Na miña opinión trátase máis ben dun relato da inocencia ou, mellor, da perda da inocencia dun “teenager” que nos días roubados ao internado descobre o amor: “Cando Gabriela estaba á miña altura sentín unha escura axitación porque me tocou coa ollada e vin as pálpebras que lle caían sobre o mel dos seus ollos nun xesto tan suave como o alivio húmido dun pestanexo” (p.16). Cando regresa liberado do secuestro salesiano, a morte róuballe brutalmente a inocencia: “Pois si Antón, estívoche moi maliña e morreu hai un mes. Tiña cancro. Síntoo” (p. 29). Esa morte, ese desexo incumprido, ese amor roubado deixara un pouso permanente de tristeza, de abatimento, en todo o relato. Mesmo cando de súpeto a vida rescata o adolescente e descóbrelle o sexo a través da relación puntual coa exótica moza alemá, curmá da non menos exótica venezolana Gabriela: “A vertixe supérame e non son quen de controlar esta paixón desmedida que acende en min un volcán de sensacións descoñecidas. Teño medo da perspectiva dos corpos e alégrome de que a sombra dunha nube enorme avance cara a nós e o día se anubre imprimindo unha cor estraña nas cousas coma se todo se recubrise cunha fina película de porcelana. Penso se a tormenta pode ser a solución como onte, pero non, o sol volve xurdir, intenso, no cumio da mañá, xusto cando se desabotoan os pantalóns e as mans se perden por dentro da roupa coa música das rás adaptándose aos nosos desexos” (p.126).

O mundo descuberto vén acompañado de remorsos da traizón: “...dóeme o pracer case na mesma medida en que me atormenta o recordo” (p. 125) e do sentimento de culpa: “Mais, de súpeto, xusto cando as bólas de prata pingan luces como esmeraldas, vaíse formando na miña alucinación o es-

traño formato das estrelas e unha ferida íntima faime saír deste amor ruidoso, deste soño intenso, e dou en chorar a fío pola miña infidelidade, porque agora Gabriela deixa de ser unha ausencia desprazada e volve a min cunha forza insólita. E decátome de que sigo a amala, de que só un par de días canda ela e o suave bico nos beizos que lle arrinqueei, abondaron para soste todo o peso dunha paixón”. (p.130). Memoria, culpa, morte e amor presentes sempre na literatura de Riveiro como xa sinalamos neste blog no comentario do seu anterior libro.

O centro do relato é Antón, o adolescente que quere ser artista, aínda non sabe ben de que, pero terá que ver coa música ou coa literatura. As súas paixóns. A música, sempre presente nas obras de Riveiro. Nos “elefantes” a protagonista chamábase Janis, en homenaxe á Joplin, nesta ocasión son outras as referencias, mesmo en contraposición estética; Gabriela dille: “Sorprenderache que sacrificase a cinta dos Bee Gees. A verdade é que durante o lento sufrimento da enfermidade axudoume moito máis a túa música. Led Zeppelin e Deep Purple liberan, e moito. Unha xa non está para melancolías.” (p.112).

A educación sentimental das xeracións percorre corredoiras reviradas. Moitos dos militantes culturais, e políticos, do galeguismo da xeración de Riveiro, e da anterior, iniciáronse na primixenia rebeldía consentidora da posta en cuestión dos prexuízos españolistas do franquismo e do postfranquismo transicional, nas formas e contidos cosmopolitas das múltiples variantes do rock. Aconteceu en especial nas vilas, nas que o tamaño das guedellas indicaba un espírito anovador dos imitadores de Jimmy Page, de Ritchie Blackmore -aquele a quen Antón foi ver no estadio do Atlético de Madrid, segundo conta en Casas Baratas- ou de Robert Plant, de quen é preciso desmentir que copiase o peiteado encrequenado de Yosi, o dos Suaves, porque este daquela ocupábase de asuntos relacionados coa seguridade do estado.

O acceso á comprensión das lonxitudes capilares e de profundidade democrática ficou plasmado, na miña experiencia particular, nunha asemblea das Comisións Labregas, celebrada nalgunha parroquia do Ribeiro do Avia. Debeu ser pouco antes de que o adolescente Antón escoitase a mensaxe do seu amor, Gabriela, gravado nunha casete que fora dos Bee Gees. Un dos fran-

ven da páxina anterior



Antón Riveiro Coello e o autor deste artigo

queirianos colleiteiros de viño er-gueuse enfurruñado para acusar os dirixentes das Labregas de seren lobos agochados en pel de año, xa que na realidade eran de ideoloxía marxista-leninista. Ao tal respondeulle, con rapidez, outro colleiteiro aclarando que o de marxista, a el tampouco lle parecía ben, pero que o de “menelista” éralle igual, que o pelo cada quen podía levalo como quixera.

Como en Casas Baratas, Riveiro Coello fai un exercicio memoria-lista da inocente, ou non tanto, chegada da primeira adolescencia. Xa que logo a outra paixón do artista en formación, a literatura,

está presente no relato en dúas dimensións. Unha relacionada cos libros, coa lectura “como unha clase de alimento” e a obsesión con A Odisea que dará lugar a algunhas das mellores páxinas, na miña opinión, de A ferida do vento. A outra co “que queres ser de maior”; para os veciños e a familia, doutor; a el gorentáballe ser artista, isto é guitarrista, ata que se cruzou por alí o fillo de don Paco: “Sempre pensei que a marca distintiva dun escritor debía de estar no seu aspecto estafalario, nalgunha circunstancia extravagante da súa personalidade, nalgún risco físico que expresase a diferenza. (...) O que non me

podía pasar pola cabeza era a estampa que agora teño diante dos ollos, un ser máis baixo ca min, moreno, media melenha, barba negra, pantalóns de elefante e unha camisa de cadros que se abre a un triángulo piloso no peito”. (p.98-99)

Aquel Antón letriferido virou nun gran escritor que ergue un relato redondo, de tarde de inverno, ou de praia, que cando o catas non es quen de abandonalo ata o remate das súas breves 140 páxinas en homenaxe ao fillo de don Paco, neste seu ano que enceta.

Que o pasedes tan ben coma min coa súa lectura!

pedogalinheiro.blogpost.com.es

A outra inclusión

Por: Miguel Anxo Mouriño

Tradicionalmente, ata épocas asombrosamente recentes, as persoas con deficiencias psíquicas patentes eran sometidas a unha sorte de invisibilidade social que lles coutaba toda posibilidade de mínima realización persoal, ademais de convertelas nunha carga familiar e nun problema de futuro. Un importante paso adiante na socialización destes individuos produciuse coa escolarización dos cativos afectados en centros especiais onde convivían (entre eles) durante o horario escolar. Despois implantárase con forza o concepto de integración, aínda que a súa posta en escena resultaría deficiente por non contar coa achega de recursos humanos e materiais abondos. Ao mesmo tempo e solapándose con estas medidas integradoras ía agromando cada vez con máis forza en diversas correntes educativas a necesidade de superar a idea de integración e procurar a inclusión, con aparentemente pequenas pero, en realidade, grandes diferenzas de concepto que se poden resumir moi brevemente dicindo que hai que tratar o discapacitado como un individuo que participa en paridade dos dereitos cidadáns, é dicir, non formalo para adaptalo á sociedade, senón mellorar as estruturas sociais necesarias para que el poida desenvolverse nela en toda a extensión que desexe e sexa capaz. En definitiva, conseguir que sexa o protagonista da súa vida.

Estou a falar só da integración e da inclusión no ámbito educativo, que vai subindo banzos con todas as súas imperfeccións. Se nos introducimos no colectivo de deficientes psíquicos adultos o panorama tradicional é absolutamente desolador. Poderásemos dicir que historicamente houbo,

Unha nova sobre Lectura Fácil en galego

e hai, moitas outras formas de marxinación, algunhas en vías de superación (poñamos por caso, o colectivo de mulleres): os sen teito, os adictos, os sen papeis, os parados,... Pero estoume cinguindo aos adultos cuxas capacidades e habilidades mentais teñen distintos graos de diminución con respecto ao estándar establecido porque quero falar dunha entidade, a Asociación Xoán XXIII, de Pontevedra, que leva 50 anos procurando para un gran número de persoas (hoxe, arredor de 200) anacos de felicidade impensables hai só unhas décadas.

Nas súas instalacións promoven unha convivencia saudable entre os seus asociados que teñen a oportunidade de compartir acotío a súa vida con outras persoas, de intercambiar opinións, información, vivencias, de atopar parella, de independizarse e formar unha familia estable cun proxecto vital... Para conseguilo motivan, forman, capacitan, promoven, varias actividades profesionais: xardinería, carpintería, imprenta, encadernación, papelería, etc., grazas ás cales poden progresar en autonomía e, sobre todo, en autoestima ao sentírense parte activa e integrante dunha sociedade que ata hai ben pouco pechaba os ollos ante a súa marxinación.

A comprometida tarefa, efec-

tiva por outra banda, desta asociación vai conseguindo mercedos e desexados éxitos. Pero hai, sempre hai, sempre haberá, algunha materia pendente relacionada coa súa aposta por incluír os seus asociados na sociedade como cidadáns capacitados para participaren nela plenamente e con espírito crítico; é aquí, na súa capacitación para seren críticos, onde xorden as dificultades, xa



que para iso necesitan ter acceso doado á información e máis á cultura, e para isto precisan dispor de material accesible non só dende un punto de vista económico, senón tamén, e sobre todo, dende un punto de vista de facilidade de comprensión, sen esquecer a abundancia (cando menos, suficiencia) de material publicado e de puntos de distribución.

Neste eido xurdiron hai xa algún tempo (non demasiado, falamos do derradeiro cuarto do século pasado) vontades que

propuxeron, estudaron, sistematizaron e deron soporte físico a unha colección de publicacións para pór a disposición de persoas de baixa competencia lectora textos de doada accesibilidade, que hoxe, en España, son recoñecidos maioritariamente como libros e documentos de Lectura Fácil; isto sucedía nos países nórdicos, e a experiencia aínda tardou algúns anos en espallarse, cousa á que colaborou decisivamente a creación en Bruxelas, en 1988, da organización Inclusion Europe e a publicación, en 1997, das directrices da IFLA (International Federation of Library Associations and Institutions)

redactadas en inglés, cuxa tradución ao español non se fixo ata 2012 (en galego non me consta que exista) co título Directrices para materiais de Lectura Fácil. Hoxe parece que se vai movendo, aínda que paseniño, este importante vehículo de comunicación e xa se poden atopar algunhas dúcias de libros casteláns escritos ou adaptados en LF ademais dalgúns textos xurídicos, entre os que sobresaen a Constitución e varias sentenzas xudiciais. En galego a súa presenza é testemuñal e, que me conste, debida a iniciativas externas.

A Asociación Xoán XXIII leva xa varios anos traballando con este tipo de textos a través do seu Club de Lectura e agora quere dar un paso máis e apostar por conseguir que os seus asociados e todos os galegos que comparten as súas características dispoñan de material adecuado que lles facilite o acceso á información e á

cultura, un dereito recollido na lexislación pero dificilmente alcanzable para a maioría deles; e que poidan facelo, ademais, en galego. E apuntan, en principio, a dous albos. Por unha banda, que os medios de información escritos inclúan unha sección que resuma as noticias máis salientables en LF. Para iso queren crear un equipo de redacción propio que faga a adaptación e están en conversas cun medio dixital, Grupo ES. Comunicación Galicia, para empezar a publicar e ver, máis adiante, de estender a colaboración a outros medios, buscando o obxectivo de que finalmente os xornais e revistas impresas ou dixitais se decidan a prestar habitualmente este servizo.

Por outra banda fixeron a adaptación dun libro (Os nenos, de Filgueira Valverde) en LF que editaron só para o seu propio uso obtendo a constatación de que ese era o camiño. Así que se puxeron en contacto coa Editorial Galaxia que acolleu con entusiasmo a idea e estase nestes momentos xestionando a máis que posible colaboración entre ambas entidades que daría como primeiro froito o lanzamento dunha colección de libros (escritos orixinalmente en FL e/ou adaptados) con vocación de continuidade e pioneira no ámbito galego cuxos primeiros resultados poderían verse, se as cousas van ben, no vindeiro ano, o ano do quincuaxésimo aniversario da fundación da Asociación Xoán XXIII.

Unha boa noticia para o colectivo galego de discapacitados; unha boa noticia, nas proximidades da celebración da festa das nosas letras, para o sistema literario de noso que se enriquecerá e diversificará con esta nova achega.

Letras Galegas

Por Ría Lamaire

Patrimônio ou Matrimônio ?

Sin madre y niña no hay copla (Lope de Vega)

Há muitos anos atrás, no Caminho do Norte, a grande rota dos países nórdicos para Santiago de Compostela, cheguei, de mochila nas costas, na linda aldeia Domrémy-la-Pucelle onde nasceu Joana d'Arc, heroína da Guerra dos Cem Anos (1337-1453) entre dinastias francesas e o reino da Inglaterra. Joana, acusada de bruxaria, foi queimada viva na cidade de Orléans em 1431 e beatificada pelo Papa Pio X em 1909. Todos os anos, a aldeia comemora a sua heroína durante a Festa da Árvore de Maio. Assisti às festas, uma mistura de tradições antiquíssimas com "modernidades" bem ou mal integradas e foi assim que redescobri, in vivo, as danças primaveris das quais falam os manuscritos da Idade Média europeia. Eram rodas de mulheres em torno da "árvore de maio" que as minhas avós e tias-avós, já no século XX, ainda evocavam de vez em quando com muitas saudades.

Em Domrémy, nos anos setenta do século passado, as mulheres jovens em idade núbil, perpetuavam, – esquecidas (?) das conotações e funções antigas, altamente sexuais, sensuais e provocadoras da roda – esse ritual pré-cristão de fertilidade e fecundidade. Desde os tempos primaveris mais remotos foi isto que as mães ensinavam para as filhas : formar um círculo, dar as mãos, bailar em torno de uma árvore sagrada ("árvore de maio", tília, aveleira, romãzeira ...), cantar os refrãos que ensinaram as anciãs, retomar os seus ritmos e rimas para improvisar novos versos. Celebrar a vida que renasce, exibir a sua juventude, beleza e atração sexual, seduzir os namorados.

Na Idade-Média, jograis e jogralesas nômades, levavam essas cantigas para outras festas, outros lugares, outros cultos e rituais e foi assim que a tradição feminina das bailadas, por sua essência mesma oral e efêmera, ficou mais tarde registrada nos cancioneiros. As canções de mulher foram para outras épocas, culturas e mundos, classificadas como "canção de mulher anônima" ou atribuídas aos poetas masculinos, –geralmente jograis–, que as tinham integrado no seu repertório, utilizando as músicas, ritmos e palavras tradicionais para cantá-las com vozes efeminadas e inventar, por sua vez, novos versos. Às vezes, e desde os cantos dos goliardos medievais reunidos nos Carmina Burana, esses versos mudavam o conteúdo das bailadas; enfatizavam as proezas masculinas ou ridiculizavam as mulheres cantadoras, ao acrescentarem, ou intercalarem, temas tais como traição, abuso, estupro, ou credulidade e ingenuidade da mulher ...

Os cancioneiros galego-portugueses conservam algumas bailadas da tradição original, dentro das quais um diálogo entre mãe e filha, atribuído a um clérigo galego, chamado Airas Nunez. Os versos revelam os objetivos erotico-mágicos da dança primaveril e mostram a transmissão, de mãe para filha, de conhecimentos relacionados com o desejo sexual, a sexualidade e o amor. A estrutura das quatro estrofes conservadas nos cancioneiros salienta bem esse papel de educadora desempenhado pela mãe. É ela que canta os primeiros dois

versos de cada estrofe e esses dísticos maternos começam por uma ordem, dada sob forma de imperativo, "Bailade".

-Bailade, oje, ai filla, que prazer vejades
ant'ó voss' amigo, que vós moit' amades.
-Bailarei eu, madre, pois me vós mandades
mais pero entendo de vos ua ren :
de viver el pouco muito vos pagades,
pois me vós mandades que baile ant'el ben.

A primeira estrofe apresenta os três temas interligados da lição do dia, a saber: dança, prazer e namoro/amor.

Na fachada da igreja românica mais antiga (XIe) da pequena cidade de Melle, no sul-oeste da França, ensina-se até hoje como conectar desejo sexual (o símbolo do peixe), dança e procriação.

Desde o segundo verso, a mãe evoca também o objetivo da bailada que é a sedução, a provocação sexual do namorado: "Bailade ante o vosso amigo". O bailar será ao mesmo tempo um acto concreto, alegre, prazeroso, sensual, lúdico e uma metáfora, um acto simbólico, pelo qual a jovem convida e excita o namorado para ser o seu parceiro no ritual.

A reação positiva da filha ("bailarei eu"), mas reticenciosa ("pois"), vem num dístico com a mesma rima (mandades/pagades), e com dois versos intercalados que constituem um refrão que reforça ainda mais a sua reticência ("mais pero"). Lá onde o ensino dado pela mãe se constrói e completa com novos elementos a cada estrofe, a reação da filha não evoluirá. Com ligeiras variantes, ela repete que obedecerá à ordem, mas que a mãe tem que saber que isso pode causar a morte do namorado; ele pode, como diriam outras cantigas, "morrer de amores" !

Para compreender o significado dessa resposta à primeira vista estranha e tão repetitiva e insistente, é pre-



ciso conhecer melhor o mundo cultural das mulheres indo-europeias que estava baseado numa divisão do trabalho económico que necessitava a convivência dos homens de um lado (guerra, caça, educação dos jovens masculinos ...) e das mulheres do outro lado (agricultura, vida doméstica, educação das filhas e dos filhos enquanto pequenos...). Dois tipos de convivência, bem complementares, mas que geraram dois mundos culturais com convívios, cumplicidades, linguagens, cantos, contos, jogos e danças bem divergentes. Com duas "literaturas" diferentes também, que são, resumidas globalmente, a lírica-narrativa das mulheres e a épica-narrativa dos homens.

O corpus das cem cantigas de amigo paralelísticas é na península Ibérica o que mais reminiscências oferece do mundo das mulheres de outrora. Baseava-se numa concepção mágica do mundo, naquele conhecimento ou "ciência" complexa das interconexões e interações entre todos os elementos e componentes do universo. Possuir essa sabedoria ancestral era a conditio sine qua non para poder fazer (ritualmente) "bem" os gestos, actos e ritos capazes de incentivar, influenciar ou mudar a natureza,



Ría Lamaire

as pessoas, a vida e os acontecimentos. A linguagem poética das cantigas veicula, sob forma de metáforas, essa ciência feminina das interconexões que ensina que um acto concreto (bailar, por exemplo, ou beber a água da fonte, em momentos especiais) permite estabelecer essas conexões com o mundo mágico. Assim, para a realização das bailadas primaveris, quando as mulheres trocam os seus conhecimentos, elas tornam-se cúmplices no momento – a primavera – em que elas vão enfrentar o mundo dos homens para um ritual erotico-mágico cujo objetivo é ao mesmo tempo individual (o prazer sensual e lúdico) e social (a sobrevivência e coesão social da comunidade).

Neste contexto, as quatro respostas da filha são quatro piscas de olhos, uma brincadeira de filha e mãe coniventes, são um jogo jocoso (nada ingênuo, nem simples) de palavras em torno da expressão mais freqüente do vocabulário do amor nas cem cantigas, a saber : morrer d'amor(es), como se ouve, por exemplo, noutra cantiga dialogada entre mãe e filha :

De que morredes, filha, a do corpo velido ?

Madre, moiro d' amores que me deu meu amigo.

Essa metáfora evoca nas cantigas a pulsão, o desejo sexual extremamente forte, tanto da mulher quanto do homem. Neste caso, alude à excitação extrema do desejo que a filha vai provocar no namorado até o seu cumprimento sagrado nos quadros do ritual para o qual a bailada constitui o prae-ludium, o jogo alegre que prepara para a êxtase da parte sagrada do ritual.

Na segunda estrofe, a mãe dá ênfase ao carácter sagrado do ritual que a jovem vai cumprir : "Rogo-vos por Deus". A alusão à beleza da filha, - "ben parecedes" -, ao reforçar a sua auto-estima e auto-confiança, o seu o auto-erotismo, traz um conselho/ incentivo importante : o de ela ser sexualmente activa :

-Rogo-vos, ai filla, por Deus, que bailedes
ant'ó voss' amigo, que ben parecedes .

-Bailarei eu, madre, pois mi-o vós dicesdes
mais pero entendo de vos ua ren :
de viver el pouco gran sabor avedes,
pois que me mandades que baile ant'el ben.

A valorização da beleza feminina constituía uma estratégia pedagógica básica da educação sexual da mulher no mundo indo-europeu, antes da chegada do catolicismo que conseguiu diabolizar a sexualidade, culpabilizar a mulher e transformar o acto sexual em pecado, só permitido dentro dos quadros do casamento monogâmico. Vivida no segredo da casa da família nuclear, fora da vida social da comunidade, essa "nova" sexualidade impunha às mulheres serem sexualmente passivas, se sentirem culpadas e se mostrarem submissas ao dono-proprietário da casa, delas e dos seus filhos. A riqueza e variedade do vocabulário das cem cantigas de amigo paralelísticas no campo da beleza testemunham de uma sabedoria que só hoje em dia as mulheres redescobrem e reconquistam progressivamente: a da auto-estima, da auto-confiança e da des-culpabilização como conditio sine qua non de uma vida sexual harmoniosa, humana e feliz. As mulheres das cem cantigas medievais sabiam disso; elas se dizem e repetem a si próprias e às outras mulheres: bela, loada, velida, fresca, louçana, delgada, a do bon parecer, a do bon semelhar, la ben talhada, fre-

Letras Galegas

mosa de bon parecer

Na terceira estrofe da bailada, a mãe traz novo ensinamento, a saber : o do carácter mágico do ritual de procriação, ao aludir ao lugar da bailada que vai ocorrer debaixo da "milgranada", a árbore sagrada cuja fruta é a romã, a fruta mágica das mil sementes ou grãos, símbolo arcáico da fecundidade e procriação :

-Por Deus, aí mia filla, fazed'a bailada

ant'o voss'amigo, de so a milgranada.

-Bailarei eu, madre, d'aquesta vegada,

mais pero entendo de vos ua ren :

de viver el pouco sodes mui pagada,

pois me vós mandades que baile ant'el ben.

A lição da mãe termina, na quarta estrofe, com outro argumento forte e concludente que é o do amor recíproco ("querer bem") dos dois jovens, já testemunhado pelo namorado no passado, e que vai obter, - "oj"-, a sua confirmação social e sacralizada perante toda a comunidade, através da bailada debaixo da romãzeira :

-Bailade oj, aí filla, por Sancta Maria,

ant'o voss'amigo, que vos ben quera.

Bailarei eu, madre, por vós todavia,

mais pero entendo de vós ua ren :

en viver el pouco tomades perfia,

pois que me mandades que baile ant'el ben.

Estamos acostumados a lerem e interpretar esta canção e as outras cantigas paralelísticas dos cancioneros medievais como poesias arcáicas, simples e espontâneas de meninas inocentes, ingênuas e incultas. Inventou-se nas faculdades de Letras da península Ibérica - e propaga-se até hoje através do ensino formal - uma tradição interpretativa que altera e mutila, distorce sistematicamente essas vozes femininas de outrora, guardiãs de uma



tradição antiquíssima. Ensina-se uma História da Literatura que oculta o que foram a função, o funcionamento e a sabedoria, a ciência delas, além de violentar as suas cantadoras-compositoras, apossando-se das suas cantigas para as inserir no mundo masculino da chamada "literatura trovadoresca".

A releitura da bailada cantada pela mãe e sua filha dentro da perspectiva comparatista e inter-cultural, indoeuropeia, permite concluir que é muito mais provável e lógico que se trata de um exemplo ibérico daquelas bailadas primaverais que cantavam as mulheres jovens na Europa toda e que elas continuaram a cantar até uma época

recente. Ao questionar radicalmente a historiografia oficial, académica que considera e classifica essa roda de mulheres como um "clássico" da literatura trovadoresca portuguesa, essa releitura mostra a urgência de uma releitura crítica de todo o corpus das paralelísticas, orientado por uma pergunta intrigante : Será que esse "patrimônio" (hoje em dia inserido nos Clássicos da Literatura Portuguesa) é, na verdade, um autêntico "matrimônio", originário do mundo cultural das mulheres galegas?

Matrimônio no sentido original da palavra, a saber : os bens materiais e culturais legados pela linhagem feminina. Foi esse o significado legal que tinha o termo na primeira era feudal no contexto dos quatro tipos de união/casamento existentes, cujos regimes garantiam tanto o respeito dos direitos e deveres das duas linhagens implicadas, a paterna do homem e a materna da mulher, quanto a transmissão autónoma dos bens das duas linhagens para filhos-homens de um lado e filhas-mulheres do outro lado. Uma base económica e social que sobreviveu, bem adiante nos tempos modernos, na sociedade galega e que se revela em expressões culturais e literárias como as bailadas e outras artes poéticas femininas que, em 1775, Martín Sarmiento, nas suas Memórias para la historia de la poesía y poetas españoles... evoca nas seguintes observações :

Además de esto he observado que en Galicia las mugeres no solo son Poetisas sino tambien Músicas. (...) En la mayor parte de la coplas Gallegas hablan las mugeres con los hombres, y es porque ellas son las que componen las coplas, sin artificio alguno ; y ellas mismas inventan los tonos ó ayres a que las han de cantar, sin tener idea del Arte Músico. (par. 538).

ENCONTRO SOCIOCULTURAL COVELO 2017

PONTEVEDRA



**Día das letras
galegas 17 de Maio**

EVENTO PARA TODAS LAS EDADES

Excursión 10:00am

Gala Sociocultural 18:30h

AUDITORIO MUNICIPAL DE COVELO

**CON LA PARTICIPACIÓN DE • PALMIRA
VICENTE • AMIGOS AFORTUNADOS DE
GILLADE – CANTAREIRAS DE SEIXIDOS •
PAYASO MAI LÚA • SUEÑO DE CALÍOPE •
PRESENTACIÓN GIGI TEJEDOR.**

ENTRADAS ANTICIPADAS

ENVIANDO WASSAP
AL +34 670 76 60 38
(ARTEALDEA)
www.artealdeadea.com

**Dona Fila 0 a través
de :**

billetto.es/e/gran-gala-sociocultural-covelo-pontevedra-entradas-184882

VENTA DIRECTA

**BIBLIOTECA
MUNICIPAL DE
COVELO**

ORGANIZA

**ARTEALDEA E
ASOCIACIÓN DE
ARTISTAS VOCÁLITIS
Colabora:
Concello de Covelo**

A BENEFICIO DE

**DOCUMENTAL COVELO
SOCIOCULTURAL E
TURÍSTICO POR EL
CINEASTA ERNESTO
FUNDORA
PREMIO DE CINE A NIVEL
INTERNACIONAL**

Encontro sociocultural Letras Galegas 2017 en Covelo

A Asociación Artealdea e a Asociación de Artistas Vocálitis en colaboración co Concello de Covelo e un numeroso colectivo de artistas, únense o día 17 de Maio, día das letras Galegas para homenaxear a obra do novelista Carlos Casares e incentivar a actividade sociocultural e turística da localidade, mediante o Encontro sociocultural Covelo 2017.

Devandito evento conta con variadas actividades, entre elas unha estimulante excursión matutina dirixida a toda as familias que gozasen dun estupendo percorrido pola contorna natural e arqueolóxica da zona, entre eles destaca a visita a Casa museo etnográfico Pazo da Cruz e non faltarán tamén o goce da oferta gastronómica do lugar.

A isto seguiralle a partir das 18:00 h a Gala sociocultural Co-

velo 2017, no Auditorio Municipal, coa actuación de destacados artistas tales como o Pallaso Mai Lúa, o dúo Sueño de Calíope, a Compositora Xiara co seu concerto en familia, a declamación poética da jóven poetisa Palmira Vicente, e a música tradicional das Cantareiras de Muxido e os Amigos Afortunados de Guillade.

Os prezos para o goce destas actividades axudarán como donativo para a realización dun importante documental acerca de Covelo e o seu aspecto sociocultural e turístico filmado e dirixido polo destacado cineasta cubano Ernesto Fundora, premio de cinema a nivel internacional. As entradas están á venda na Biblioteca Municipal de Covelo. Tamén se activou unha venda en liña para aqueles que queiran colaborar desde a distancia a través de billetto.es.

Libros

Blues para Moraima, de Miguel Anxo Fernández, obra gañadora do XXXV Premio de novela "Blanco Amor"

Presentouse en Ourense a obra gañadora do XXXV Premio de Novela Longa "Eduardo Blanco Amor", Blues para Moraima, do escritor, ensaísta e investigador cinematográfico Miguel Anxo Fernández (O Carballiño, 1955). O certame, dotado con 12.000 euros e unha escultura do artista ourensán Acisclo Manzano, é un premio que "recuperou a Deputación fai dúas edicións para garantir a súa supervivencia, darlle o pulo que precisaba, e para convidar ao resto de concellos de Galicia, organizadores de anteriores edicións, a continuar realizando este certame e homenaxeando a ese xigante das nosas letras como é Eduardo Blanco Amor", dixo Manuel Baltar.

En canto á obra premiada o presidente da Deputación sinalou que é unha oportunidade "para poñer en valor a novela galega, porque Miguel Anxo Fernández, coa súa traxectoria de creador de emocións, prestixia este galardón literario dos concellos de Galicia ao formar parte xa da relación de premiados deste certame".

Antón Vidal Andiñón lembrou a relación que vencella a Galaxia con Ourense ao afirmar que "Galaxia existe, en parte, grazas aos ourensáns. O primeiro presidente de Galaxia foi Otero Pedrayo, e sen o pulo da Xeración Nós non sería o que hoxe é". Asemade agradeceu á Deputación de Ourense "por pensar en Galaxia para editar este libro, no cal o autor plasma todos os seus coñecementos de cine, facendo unha novela amable e cómoda de ler".

Pola súa parte, Miguel Anxo Fernández reivindicou o papel de Ourense como "líder da historia da literatura galega", engadindo que con este premio, o xurado introduciume neste grupo, aínda que o fago por outra porta, ao proceder do mundo da comunicación audiovisual, por iso, o que a min me interesa é narrar historias". O autor explicou que na xénese da novela "mestúrase a memoria do thriller estadounidense dos anos 70 co thriller político italiano, o cine de denuncia", afirmando que lle levou dez anos escribir esta obra.



Estatua de Eduardo Blanco Amor na Praza do Bispo Cesáreo de Ourense.

O gañador deste XXXV premio "Blanco Amor" agradeceu á Deputación de Ourense "que recuperase o premio de maior prestixio de Galicia; que quede na provincia de Ourense e que sexa un dos buques de insignia da Fundación Eduardo Blanco Amor".

Miguel Anxo Fernández

Miguel Anxo Fernández é mestre, licenciado en Xeografía e Historia. É profesor de Comunicación Audiovisual na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación de Pontevedra. Ademais de dedicarse á docencia é autor de

numerosas obras de historia do cine galego e de obras de ficción, así como ensaios e colaboracións en numerosas publicacións. É membro da Sección de Lingua, Literatura e Comunicación do Consello da Cultura Galega; coordinador do programa Audiovisual nas Aulas para o Consorcio Audiovisual de Galicia, e membro do xurado do Premio Ourensanía. Entre os premios que ten acadado figuran o 1º Premio exaequo no Certame Historia da Galicia Cinematográfica (1993), promovido pola Federación de Cineclubes de Galicia; o premio

"Sempre en Galiza" de ensaio, polo libro As imaxes de Carlos Velo (2001); o premio honorífico "Fernando Rey" na V Edición dos Premios AGAPI (2001); o premio "Chano Piñeiro" de Historia da Galicia Cinematográfica polo libro A Bella Otero, pioneira do cine (2002); o premio "Manuel García Barros" (2003) pola novela Un nicho para Marilyn; a Insignia de Ouro das Xornadas de Cine e Vídeo en Galicia, Xociviga (2009), e o Premio "Cultura Galega de Creación Audiovisual" da Xunta de Galicia no 2012, entre outros galardóns.

Día do Libro cunha carpa no Paseo

O Concello de Ourense conmemorou o Día do Libro (23 de abril) coa instalación dunha carpa na rúa do Paseo para a venda de Libros por parte das librarías da cidade. Foi o luns día 24 de abril, desde as 10.30h ata as 21h. A carpa recibiu tamén a

visita dun grupo formado por 50 alumnos e alumnas de 6º de Primaria do CEIP Mestre Vide. Alí fixeron unha breve presentación e dous nenos leron textos breves homenaxeando a Carlos Casares. A continuación actuou o grupo musical Xardín desordenado.



Librería Padre Feijoo, no Paseo de Ourense.

Convocado a XXXVI edición do Premio Blanco-Amor de novela longa

AXunta de Goberno da Deputación aprobou as bases reguladoras da convocatoria da XXXVI edición do Premio Blanco-Amor de novela longa. Poderán participar nel todos os autores que presenten unha ou varias obras escritas en galego segundo a normativa oficial. En canto ás novelas, terán unha extensión mínima de 150 folios mecanografados ou escritos en ordenador (fonte: Times New Roman e tamaño 12) a unha soa cara e a dous espazos, ou de 75 folios coa mesma fonte a dúas caras e a dous espazos.

As obras presentadas terán que ser inéditas e de cada obra deberán presentarse cinco copias asinadas cun lema, en paquete sen remite, dirixido á Deputación de Ourense, facendo constar no exterior "Para o

XXXVI Premio Blanco-Amor" e, nun sobre anexo, pechado e baixo o mesmo lema, indicaranse o nome e enderezo do autor e, de ser posible, o seu teléfono e enderezo electrónico. O prazo para presentarse rematará o día 14 de setembro de 2017, coincidindo co cento vinte aniversario do nacemento en Ourense de Eduardo Blanco-Amor.

O xurado do premio, nomeado pola Deputación, estará composto por cinco membros de recoñecido prestixio no ámbito da cultura galega. O premio estará dotado con 12.000 euros e unha obra escultórica. A concesión do premio implicará a cesión ao autor dos dereitos da primeira edición en lingua galega da obra, a cal deberá realizarse nun prazo máximo dun ano desde a data de entrega do premio, quedando sen

efecto a cesión no caso de que no dito prazo non se leve a cabo. A entrega do premio terá lugar nun acto literario organizado pola Deputación o día 1 de decembro de 2017, trinta e oito cabodano do autor de A Esmorga.



Por Moncho Mariño

Eduardo Sánchez Maragoto, presidente da Asociación Galega da Língua (AGAL)

“O reintegracionismo deixou de facer propostas en negativo hai tempo”

A Asociación Galega da Língua (AGAL) é a plataforma na que moitas das persoas que seguen o ideal de Ricardo Carvalho Calero, o obxectivo é a reincorporación do galego ao que consideran o seu ámbito natural, o da lusofonía. Por moito tempo, a postura da AGAL foi unha clara confrontación contra as normas lingüísticas establecidas desde as institucións galegas. A día de hoxe, esta postura parece que mudou e o enfrontamento parece dar paso a unha nova política de diálogo e achegamento. Sobre isto falamos co actual presidente da AGAL, Eduardo Sánchez Maragoto.

-Cal é a día de hoxe a valoración que fai AGAL sobre o Día das Letras Galegas e todo o simbolismo que o rodea?

Podo realizar unha valoración eu. É unha data que de non existir, moitos autores galegos non serían coñecidos. Se pensamos nos autores homenaxeados nos últimos vinte anos, unha grandísima parte deles puidémoslos coñecer grazas a este Día das Letras. Non obstante, sería interesante que a Real Academia Galega tivese uns criterios máis amplos para a elección dos homenaxeados. Porque aínda quedan persoas por descubrir como Carvalho Calero, Guerra Dacal, ou persoeiros portugueses que fixeron achegas á cultura galega como Rodrigues Lapa. Máis tamén consideramos que as persoas que foron nomeadas nos últimos anos teñen un grande peso. O propio Carlos Casares, homenaxeado este ano, se fose estudado en toda a súa amplitude, daría para varios traballos. Pouco antes do seu pasamento no 2002, morreu moi novo lamentablemente, fixo unha proposta moi clara dirixida ao Consello da Cultura Galega, que el presidía nese momento. Que o galego deba adoptar o “lh” e o “nh”, e as letras “j” e “g” en vez de unicamente o “x”. Foi unha proposta que fixo publica dúas veces. Pero non tivo tempo de plasmar nas institución que el presidía como nas que tiña influencia, como a Real Academia Galega. Con isto quero dicir que as persoas nomeadas para o 17 de Maio son tamén interesantes para nós os reintegracionistas.

-Non ves como se esta data

fose virando cara unha especie de liturxia, de compromiso institucionalizado.

Non deixaría de ser correcta esa perspectiva. Mais eu non a corrixiría no sentido de eliminala, porque me parece aprobeitable no sentido de dar a coñecer persoas con autoría en galego. Ao mellor si a corrixiría no sentido de propor outras datas ou ampliar os nomes de autoras e autores lusófonos que tivesen unha achega máis significativa coa cultura deste país.

-O estado da lingua: extinción acelerada, estado dramático ou situación conxelada?

Penso que hai algo das tres. Pero situando a pregunta ben dentro do contexto internacional que temos. Porque tendemos a considerar a situación do galego véndoo só en Galiza. Debemos analizar a situación do galego no contexto de todas as linguas minorizadas que tamén están na nosa situación. Cal é esa situación? Que esas linguas minorizadas, como a nosa, non teñen estado. O galego non ten estado. Paréceme difícil identificar unha lingua que non posúa estado e que recupere falantes. Pode acontecer, pero habería que facer un esforzo tan grande económico e social para que esas linguas recuperen falantes, que practicamente non existirán situacións así. Por tanto, o galego está pasando por unha situación difícil o mesmo que todas as linguas minorizadas que non teñen un estado. Que acontece? Pois que no caso do galego hai que restarlle dramatismo a esa situación. Porque si podería contar coa forza que lle imprimen ás linguas os seus estados, se se lle aplicasen políticas de converxencia co mundo lusófono. Desamaneira o galego si podería contar coa forza que non teñen as linguas minorizadas. E sen prometer o paraíso para o galego, poderíase reverter dalgunha maneira a situación, ou poñer as bases para unhas políticas correctas de normalización lingüística.

-O decreto sobre educación en galego, inglés e español, é unha quimera ou é factible?

A ver, se consideramos planificar unha política lingüística seria a longo prazo, é evidente que tanto o inglés como o español teñen que ser considerados.

Non se poder realizar unha política lingüística seria sen pensar que os galegos de aquí a vinte ou trinta anos deben coñecer ben estas dúas linguas. Iso non debe impedir de ningunha maneira que o galego como a nosa lingua, sexa coñecida ao mesmo nivel de competencia. Nese sentido as políticas que se teñen feito, e mesmo as políticas propostas polo movemento normalizador penso que están un pouco desencamiadas ou erradas nese sentido. Noutras partes do estado fixéronse políticas lingüísticas máis acaídas para os seus idiomas, e que non se tiveron en conta. Nós pensamos que para a normalización do galego a través do ensino é fundamental, pero non profundaron nel desde o movemento normalizador. Pero desde a nosa perspectiva, deba considerarse un ensino que teña o galego como lingua ambiental. Quero dicir, que debe ser a lingua ambiental de todos os centros de ensino, de toda a comunidade educativa, do alumnado, dos pais e do equipo directivo. Os pais deben poder educar os seus fillos e fillas en galego en centros de ensino nos que o galego sexa realmente a lingua ambiental. E isto non se resolve con porcentaxes, con 33% para galego, outro tanto para castelán e o mesmo para o inglés. Non tería que ser contradictorio con iso, o galego de tería que ser só a lingua na que se imparte a materia, senón que tamén deba ser a lingua do patio. A partir de aí, cal sexa a lingua das diferentes cadeiras non nos parece irrelevante nin o máis importante.

-Seguindo cos planos de normalización, a denominada “Lei Paz Andrade” sería aplicable neste momento, achegamento á lusofonía?

Os planos de normalización lingüística en xeral, e tamén no ensino, un dos principais defectos que teñen é que foron aplicados antes da Lei Paz Andrade. Esta lei modificou todos os planos de normalización. Desde o nos punto de vista, un dos principais obxectivos para a normalización da nosa lingua e cultura, nun espazo de tempo de dez a vinte anos, é que gañen un coñecemento profundo do portugués. Pero xa che digo que eses planos foron creados antes desa lei, que



ten como obxectivo que o portugués sexa mesmo oído polos galegos nos medios de comunicación, que Galiza sexa representada en organismos internacionais a través de organismos lusófonos. Dito isto, calquera plano de normalización no ensino ou fóra, debe considerar o portugués para que non sexa estraixeirizado ou alleo.

-Como é a actitude cara o reintegracionismo no momento actual? Cambiaron actitudes?

Penso que a actitude si que mudou moito dentro dos movementos normalizadores e dentro da sociedade. Isto non quere dicir que sexa un movemento maioritario. É un movemento minoritario mesmo dentro do movemento normalizador. Tamén hai sectores que non ven nada claro a finalidade do reintegracionismo, quizais por ignorancia. Pero si é certo que aumentou a comprensión a respecto de hai dúas décadas. Non quere dicir que a sociedade estea aceptando propostas desde o reintegracionismo, mais si é máis doado publicar as nosas ideas, o noso discurso á maior parte da poboación.

-Desde a túa perspectiva, non só como profesor de portugués, tamén como cidadán que coñece a lusofonía, cal é a percepción nese ámbito da Galiza?

En xeral hai bastante ignorancia sobre o que é Galiza e o galego, sobre eses dous conceptos. É unha percepción que levamos con nós desde hai séculos, mesmo no propio sistema de ensino. Eu si que vexo nas novas

xeracións que a cousa está mudando. Véxoo no interese que esperta Galiza na xente nova, quer en Portugal que en Brasil. Isto veuse favorecido polas redes sociais que permitiron o salto xeracional neste aspecto. Hai moita información á que agora teñen acceso e que non figuraba no sistema de ensino. Penso que aumenta o interese en preguntarse que é o galego e que representa para nós.

-Cal é o futuro que lle ves ao movemento reintegracionista?

Eu futuro véxollo todo. Penso que o movemento normalizador ten moito futuro. As cousas van ir por aí, porque en todas as áreas hai unha facilitación de comunicación con outras áreas da sociedade e con outras sociedades. O reintegracionismo favorece a acomodación a esas tendencias por parte da lingua. A lingua deixará de ser algo entendido como local, estará preparada para ser unha lingua de comunicación internacional para o contacto con outras culturas. Isto favoréceo máis o reintegracionismo que outras perspectivas antirreintegracionistas.

-Hai receptividade por parte das diferentes academias?

Pensamos que si, que cada vez haberá máis receptividade. Desde hai anos, os contactos son máis frecuentes. Hai receptividade das nosas propostas, que son sempre moi concretas e positivas. O reintegracionismo deixou de facer propostas en negativo ou de emendas á totalidade a outras propostas, xa desde hai bastante tempo.

LETRAS GALEGAS 2017



CONCELLO DE
SANTIAGO



Ruta Carlos Casares e
Compostela
De luns 15 a venres 19 maio
19.30 h
17 de maio | 17.00 e 20.00 h
Praza de Mazarelos

Día das Letras Galegas
coa RFG
xoves 18 maio
20.30
Auditorio de Galicia

Exposición Os mundos
de Carlos Casares
Inauguración martes 30 maio
19.00
Zona "C"

CARLOS CASARES

Poema de Laura de Cáceres



Vigo – Atenas

Ao apagar as luces

cando a escuridade é un manto
disposto a cubrir os sonhos

onde non hai estrelas nin lúa
e aínda así non se para o tempo

como se este minuteiro cruel e alleo
estivese tentando vestirse de sátira.

Eu observo en silencio,
rota,
dona dunha tristura que é dona de min.
Dunha dor que peta no meu peito
coa esperanza de latir no meu sangue.

Podería describir a viaxe dende o corazón
ata as dedas,
ata a túa pel intrínseca,
ata unha dozura imposta e un desexo punzante
case arrollador.

Da velocidade.
Das curvas.
Da intensidade.

Unha espiral de necesidade medrando.

E non falo da pel nin do contacto
nin das sabas
nin da permanencia imposta.
Senón dun vals entre a dor e a tristeza
e dun tango en memoria de Roxanne
como ponte cara un título *doctor honoris causa*
en consumir antes que ninguén un corpo.


Sobrevoando os teus beizos.

Rozando terra.

Destruindo a maxia.

E escribindo iso
ao que alí fôra
vos fincades en chamar
“poesía”.

Maitirena



Opinión

Por: Xosé González Martínez

Homenaxe ao Doutor Carlos Guitián

Manuel Herminio e Xosé Carballido, xunto con outros amigos de Amoeiro, son os encargados de organizaren a homenaxe ao doutor Carlos Guitián Rodríguez o próximo sábado en Ourense. Xusto o día que cumpre noventa anos. Unha boa data para louvarmos a biografía dun médico que é un referente na medicina galega. Pero tamén porque par desta entrega ao servizo dos demais no seu exercicio profesional, tamén simboliza unha actitude ética de compromiso coa causa galeguista. O doutor Guitián é o precursor da utilización da lingua galega nas receitas médicas, por exemplo. Feito histórico este que non debe pasar desapercibido porque facelo nos tempos que el o fixo constituíu unha decisión transcendental para a dignificación e normalización do noso idioma.

A primeira vez que tiven novas do doutor Guitián foi hai ben anos, un vintecinco de xullo en Santiago, posiblemente en 1969. Despois do acto litúrxico e cunha presenza desmesurada de policías, todos os asistentes fixemos a foto de rigor nas escalinatas de acceso ao mosteiro. Alguén, despois do canto do Himno Galego, deu o berro de Viva Galicia Ceibe!, secundado



por moitos, que foi aproveitado polos “grises” para disolver aquel cento de persoas. Nin Otero Pedrayo se librou dun empuirón policía laio tempo que erguía o seu caxato pedindo respecto para un vello. Ao meu carón estaba o escultor Camilo Nogueira, que caeu a rebozos polas esqueiras. Membros da brigada político-social dirixidos polo inefable Benito Nieto, alias “o chepas” ou “o cornudo” que así era co-

ñecido en Vigo, deu a orde de detención de Xaime Illa Couto e Carlos Guitián, que foron mallados coas porras e introducidos no “jeep” policial. Foron procesados polo Tribunal de Orde Pública, que os absolveu segundo a sentenza “porque se desconoce del procesado –referíndose a Xaime Illa– su ideología y tendencia” y “por la misma ausencia de un cierto clima separatista en la región en que se produjo”.


Carlos Baliñas no libro “Rosalia de Castro. Entre a poesía e a política” recorda os feitos así: “Aquel serán mentres se procedían estas detencions e no medio do balbordo producido pasou cabo de min correndo Méndez Ferrín, dicíndome: hoxe córrese por todas as bandas, pola Dereita e pola Esquerda”. A partir dese ano a Misa de Rosalía deixou de ser a data de reivindicación galeguista para trasladarse ás rúas composteláns.

Anos despois souben que o doutor Guitián fora directivo da Asociación Cultural Auriense, que participaba das mesmas arelas da Asociación Cultural de Vigo, do Facho da Coruña, O Galo de Santiago, ou da Asociación de Amigos da Cultura de Pontevedra. Tempos de ilusión na defensa dos valores patrimoniais e fermento de militancias políticas na clandestinidade contra un réxime político represor.

Tiven información tamén da súa participación nos actos programados en cidades e vilas galegas para presentar a alternativa das “Bases Constitucionais” que defendía o Consello das Forzas Políti-

cas Galegas formado pola UPG, PSG, PGSD, Partido Carlista e Movemento Comunista, no que eu tivera unha intervención destacada na súa constitución e coordinación, e que outros disolveron ao pouco baixo o pretexto de que nel había partidos españolistas, para daren paso á errática, e dogmática proposta que defendía un único partido para unha nación, que pasados os anos rebentou por mor das contradicións que levaba implícita.

A Irmandade da Sanidade Galega, representada polo seu coordinador xeral o doutor Pablo Vaamonde e outros sobranceiros irmandiños, participará no acto de homenaxe ao doutor Guitián dunha maneira singular: impoñéndolle a beca da Irmandade e outorgándolle o diploma que o acreditan como “Irmandiño de Honra”, simbolizando e recoñecendo unha traxectoria de valores persoais e profesionais que deberían adornar a actividade de cantos prestan un servizo público na sanidade galega, que ten que estar inculturizada e humanizada. Filosofía que ten sobranceiros exemplos en Galicia, e nomeadamente en Ourense nas figuras do doutor Peña Rey e moitos outros que David Simón Lorda compendia na súa obra “Médicos ourensanos represaliados en la guerra civil y en la posguerra”.



Feira do Libro de O Porriño do 11 ao 14 de maio

O vindeiro xoves, día 11, inaugúrase Feira do Libro do Porriño que durante catro días, organizada pola Federación de Librarías de Galicia e o Concello do Porriño, por medio da Biblioteca Municipal, coa colaboración da Deputación de Pontevedra e a Xunta, centrará a boa parte da actividade cultural da vila.

Este 2017 participan na feira a Editorial Planeta e as librarías, Arigató, Cartabón, Copi-Rey, Lafer, Nobel, de Burela, Paz, Pedreira e Recondo, que serán as encargadas de presentar os novos títulos ao público que se achegue á rúa Ramón González, onde estarán situadas as casetas.

Neses catro días, están programados diferentes actos, dentro do marco da feira, entre os que cabe salientar animacións infantís, teatro, visitas guiadas, nas que participarán os centros de educación do Porriño, obradoiros, monólogos e presentación de va-

rios libros.

Entre eles cabe salientar, o sábado, día 13, ás 6 da tarde, a de ‘La Balada del Gato Negro’, de Alberto Ladero (Vigo 1967). Trátase da primeira novela do autor que ten coma protagonista a Víctor de la Hera, un famoso músico, líder e batería dun grupo de rock, que ademais da música ten coma paixón ao seu fillo, Diego, co que pasa todo o tempo que pode. O destino fai que o cativo teña un accidente de bicicleta e, mentres Víctor ve dende a porta de Urxencias como se levan ao seu fillo, atopará a comprensión doutra nai solitaria, Nita, unha ‘habitual’ deste servizo médico, dado que Alicia, a súa filla, ten un problema de corazón.

A esta presentación súmanse ‘De tu corazón a mi libro’, de Pablo Piñeiro Taboada e Hugo Sanmartín-o xoves, día 11 ás 8 da tarde; ‘Un lugar a dónde ir’, de María Oruña, o venres, día 12, á mesma hora; ‘Olvidate del

cielo’, de Rocío López Núñez, o sábado, día 13, ás 7 da tarde, e presentación - concerto do libro ‘Volta, Revolta e Reviravolta’, de Maimiñas, o domingo, día 14 ás 6 e media da tarde.

O mesmo xoves, día 11, ás 7 da tarde, a alcaldesa, Eva García de la Torre, presidirá a inauguración da Feira que, ás 7 e media, contará co pregón do escritor e xornalista porriñés Diego Giráldez (1976).

Durante cinco anos traballou na redacción do xornal A Peneira, dirixindo unha das súas cabeceiras comarcais e coordinando o seu suplemento cultural, Kalai-kia. Ao tempo, colaboraba como columnista de opinión cos xornais Xornal de Galicia, A Nosa Terra e, a través de reportaxes culturais, con El País. Na actualidade, escribe no diario Praza Pública e na revista Luzes. Fundou e dirixiu a revista Malladoura e dirixe o CanZine, publicación oficial do Festival de Cans.

III Xornadas Interculturais en Ourense



A xornada celebrouse nas novas instalacións de Queixume dos Pinos.

O secretario xeral da Emigración, Antonio Rodríguez Miranda, e o alcalde de Ourense, Jesús Vázquez, presidiron en Ourense as Xornadas Interculturais organizadas pola Asociación Cultural Queixumes dos Pinos e a Asociación Ourensá-Venezolana Alma Llanera. Foi a terceira edición desta iniciativa, na que participan os membros de ambas entidades e moitos outros veciños de Ourense e provincia, boa parte

dos cales residiron en Venezuela ou manteñen con ese país ligazóns persoais, familiares, culturais ou económicas. Precisamente, a relevancia destas ligazóns foi posta en valor por Miranda, quen salientou na súa alocución aos presentes que “máis aló das circunstancias históricas e políticas concretas de cada momento, o sentimento de irmandade entre venezolanos e galegos, entre galegos e venezolanos, é xa eterno”.

Recordou o secretario xeral da Emigración “o permanente e crecente apoio dos galegos e o seu goberno á poboación de Venezuela, que está pasando momentos de incerteza desde o punto de vista social, e especialmente aos españois e galegos alí residentes, dos que estivemos, estamos e estaremos sempre pendentes”. O alto cargo autonómico tamén puxo de relevo a capacidade de entendemento mutuo e a solidariedade activa que teñen demostrados ambos pobos para co outro en momentos ben distintos de cadansúa historia. “Hai décadas Venezuela supuxo para os galegos un lugar onde buscar un futuro prometedor e poder enviar importantes achegas ás familias que quedaban na Galicia territorial. Hoxe, eses galegos, tanto os que quedan aló como os que regresaron, requiren a nosa atención e abofé que a teñen e terán”, afirmou o secretario xeral.

A Fundación Curros Enríquez adquire o libro “Historia do apóstol Santiago”, de Mauro Castellá Ferrer

A Fundación Curros Enríquez vén de adquirir o libro “Historia do apóstol Santiago”, escrito no ano 1610 polo autor celanovés Mauro Castellá Ferrer, unha obra que se incorpora ao patrimonio bibliográfico de Celanova por medio dunha campaña de captación de fondos e de colaboración de particulares levada a cabo ao longo dos dous últimos meses. A presentación desta publicación tivo lugar nun acto no que participou o vicepresidente da Deputación, Rosendo Fernández; o presidente e o secretario da Fundación Curros Enríquez, José Luis Ferro e Antonio Piñeiro, respectivamente; e das traballadoras da Fundación Curros Enríquez, Noa Fernández e Paula Conde.

O vicepresidente da Deputación salientou a importancia de “recuperar unha xoia bibliográfica galega para o patrimonio literario de Celanova”, quen engadiu que este ano celébrase “o 450 aniversario do nacemento de Mauro Castellá Ferrer, unha gran oportunidade para dar a coñecer a súa obra ao público”.

O presidente da Fundación Curros Enríquez sinalou que esta adquisición encaixa no obxectivo da entidade de “dar coñecer e poñer en valor aos nosos escritores”. Asemade, José Luis Ferro dixo que a



A obra está exposta na Casa dos Poetas de Celanova.

recuperación deste libro que forma parte “do patrimonio literario da nosa vida” é importante por varias razóns: pola súa antigüidade, porque foi escrito por un celanovés e porque relata aspectos relacionados coa nosa historia sobre as figuras de San Rosendo e San Torcuato, así como unha completa descrición do edificio monacal de Celanova.

O libro conta a historia do Apóstol Santiago e destaca a súa importancia, sobre todo, na batalla de Clavijo incluíndo nela numerosos datos sobre a súa propia biografía persoal, así como sobre a historia de Santiago de Compostela e, en parte, tamén de Gali-

cia. O traballo inclúe, así mesmo, unha interesante biografía sobre San Rosendo e unha valiosa descrición do edificio monacal de Celanova denantes da reconstrución da fábrica actual que chegou ata os nosos días.

Antonio Piñeiro explicou que un dos labores que realiza a Fundación Curros Enríquez é “recuperar material que teñan relación coa figura de Curros Enríquez e topamos con esta obra que custaba 900 euros polo que, puxemos en marcha unha campaña de captación de fondos na cal levamos unha hucha ao mercado e recadamos 800 euros, poñendo o importe restante a Fundación”.

O antigo cuartel de San Francisco albergará o Arquivo Histórico e a Biblioteca Pública

O remate das obras da nova sede do Arquivo Histórico Provincial de Ourense está previsto para finais deste ano 2017. Así o anunciou o director xeral de Belas Artes e Patrimonio Cultural do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, Luís Lafuente Batanero, na visita que realizou ao complexo de San Francisco, acompañado polo secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo; pola delegada da Xunta de Galicia en Ourense, Marisol Díaz; pola directora xeral do Patrimonio Cultural, Carmen Martínez; e polo alcalde de Ourense, Jesús Vázquez, xunto con membros da corporación.

Ademais do arquivo, as instalacións de San Francisco tamén albergarán a nova sede da Biblioteca Pública de Ourense, para a que están comprometidos 4,2 millóns en 2017 –principalmente para a dotación de equipamento e mobiliario–. A esta contía hai que engadir os 19,6 millóns executados ata a data polo Ministerio para construír as novas sedes destes dous centros, o que suma un investimento de 23,8 millóns.

O secretario xeral de Cultura valorou positivamente os avances dos traballos no complexo de San Francisco para dispoñer o antes posible

das novas sedes destes dous equipamentos culturais imprescindibles na cidade de Ourense como son a biblioteca pública e o arquivo histórico provincial, nunhas instalacións e cun equipamento adaptados ás necesidades dos usuarios e usuarias e á actividade que leva a cabo a Consellería de Cultura e Educación nos dous centros.

Museo Arqueolóxico

As actuacións do Ministerio no equipamento cultural para estes centros xestionados pola Secretaría Xeral de Cultura inclúen tamén a reforma e rehabilitación do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense (MAPOu), cuxo proxecto contempla un orzamento de licitación de 11,4 millóns de euros. O Ministerio prevé poder iniciar este ano as actuacións de rehabilitación, á espera de que estea modificado o Plan especial de reforma interior (Peri) do Concello de Ourense para obter as correspondentes licenzas e proceder a licitar as obras. En conxunto, os investimentos do Goberno nas novas sedes do Arquivo Histórico Provincial de Ourense e da Biblioteca Pública de Ourense, e na rehabilitación do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense superarán os 35 millóns de euros.



As obras no complexo de San Francisco rematarán a finais deste ano.

Cultura

As novas rutas guiadas de pinturas murais e esculturas urbanas converten Vigo nun museo ao aire libre

Félix Caballero

Vigo dispón xa dunha nova e atractiva oferta cultural: Vigo: cor e arte na rúa, un programa de rutas guiadas de arte urbano que quere pór en valor as pinturas murais e as esculturas urbanas que fan da cidade un museo ao aire libre.

As rutas mesturan a trintena de pinturas murais realizadas recentemente por unha chea de artistas en medianeiras, edificios e outros espazos urbanos coas ducias de esculturas urbanas existentes na cidade desde tempos diversos.

Detrás da iniciativa está o Concello, que pretende dar a coñecer as recentes pinturas murais que teñen enfrontado o feísmo urbano.

Trátase de máis dunha trintena de pinturas realizadas por artistas como Antón Pulido, Xavier Magalhaes, Nelson Villalobos, Darío Basso, Antonio Barbará, Peri, Pelucas, Liqen, Sardiña ou Elisa González, que en-

chen de cor espazos como os parques de Navia e de Camilo José Cela, os muros da Pinacoteca e da asociación veciñal de Lavadores, as escaleiras de Camelias e Pi y Margall ou medianeiras en Hispanidade e o Areal.

As rutas –nove polo de agora– inclúen tamén as principais esculturas urbanas da cidade, aproveitando o programa de visitas guiadas a estas outras manifestacións artísticas nacido hai catro anos na Fundación Laxeiro. O traballo foi encomendado a un grupo de voluntarios culturais, mais na práctica foi realizado case que en exclusiva polo enxeñeiro xubilado Ramón Ilarri, fillo de Ángel Ilarri, administrador e director do Museo Quiñones de León durante corenta anos, de quen, sen dúbida, herdou o agarimo pola arte.

O voluntario, que está tamén á fronte das novas visitas guiadas ás medianeiras, comezou por catalogar as esculturas urba-

nas de Vigo, facendo un laborioso traballo de campo e procurando datos aquí e acolá, e deseñou logo 18 rutas guiadas.

230 esculturas

Son 230 esculturas correspondentes alomenos a 90 autores, pois de 24 delas aínda non se coñece o autor. O escultor máis representado é Camilo Nogueira, con 25 obras, ao que por algo chamaban “o escultor de Vigo”. Porén, non todas son realmente del; algunhas foron feitas no seu taller por algúns dos seus alumnos, polo que as calidades dunhas e outras varían, segundo precisa Ilarri. Despois de Nogueira, os escultores con máis obras son Silvino Silva e José Molares, con 13 cada un. Outros autores con varias esculturas son

Xoán Piñeiro (7), Manuel Buciños (7), Francisco Leiro (6) ou José Luís Medina (6). A maioría son homes, pero non faltan mulleres, como Ángeles Valladares, María Branera, Asunta Karini, Antonella Tiozo ou Ana Olano.

Entre as súas preferencias, Ilarri destaca o Sereo de Leiro, que tanta polémica espertou cando foi inaugurado. “Paréceme fantástica, ademais de que ten un componente técnico, do manexo do aceiro inoxidable, que me atrae”, di. Tamén salienta o Monumento á muller, de Xesús Valverde, nos Xardíns de Elduayen, e dúas obras ubicadas no campus universitario: Horizonte ao sol, de Silveiro Rivas, e Tempo, de Leiro.

Ilarri non pode agochar a súa condición de enxeñeiro cando olla as esculturas e admira aquelas nas que a arte se mestura coa enxeñaría, como O rapto de Europa, o



Participantes na ruta do pasado 1 de abril perante o grafiti do Pelucas nas escaleiras da rúa de Don Quixote. Foto: Ramón Ilarri.



Parada perante “Natureza e cultura”, de Javier Dobao, durante unha ruta polas esculturas do Monte Cepudo.

touro de Juan Oliveira que se atopa en Sami, no que dous mil quilos de peso se sosteñen só sobre unha pata. Por algo o seu autor era tamén enxeñeiro.

Canto ás pinturas murais, o voluntario destaca a área de descanso creada por Antón Pulido na praza de Peniche, que converteu un currunchito infecto nun “festival de cores”; así como o grafiti do Pelucas nas escaleiras da rúa de Don Quixote e os murais de Antonio Barbará na rúa de Zaragoza, do colectivo Cestola na Cachola na praza de España e de Peri na fachada do Colexio Cies na rúa de Martín Echegaray.

“Vigo encántame”, conclúe Ilarri, “malia todos os seus defectos propios dunha cidade do seu tamaño e un certo caos que non me molesta”. E botando man da súa experiencia como enxeñeiro, apostilla: “Se unha empresa non ten un mínimo de estrés é que algo falla”.

Nº Reg. Sanitario E-36-000038

Óptica mahen

Senén Canido 4 - PONTEAREAS

Ópticos desde 1939

Redacción OURENSE

Unha serie sobre tradición e innovación en Galicia, premio “Carracedo” de xornalismo 2017

Unha serie de reportaxes sobre tradición, modernidade e innovación en Galicia, publicada no xornal ABC, vén de gañar o XXVII Premio “Xosé Aurelio Carracedo” de xornalismo na súa convocatoria de 2017. O xurado ditaminou outorgar por unanimidade o galardón, que concede a Deputación, aos xornalistas Patricia Abet Rodríguez, Abraham Coco Barajas e Elena Pérez Rodríguez de Somoza pola serie de reportaxes titulada Las mil Galicias.

O premio, dotado con 3.000 euros e diploma, entregouse o 3 de maio, Día Internacional da Liberdade de Prensa. O certame, que anualmente convoca a Deputación honra a memoria do xornalista ourensán que lle da nome ao premio, falecido en 1988.

O xurado destaca do traballo premiado que ofrece “unha visión dos ámbitos tradicional e contemporáneo de Galicia”, e supón “unha aposta pola modernidade galega”. Asemade, subliña que esta serie de reportaxes “achega unha panorámica sobre a situación actual de Galicia desde o punto de vista da solidariedade, a innovación e o emprendemento”, e supón “unha aposta dun medio e dos seus profesionais por un traballo en equipo, continuado no tempo, para analizar a realidade actual de Galicia, ofrecendo aspectos sobre o problema demo-



Os premiados no salón de sesións da Deputación de Ourense.

gráfico, a investigación e os sectores económicos que resisten e seguen impulsando competitividade en Galicia”.

O xurado, presidido polo deputado provincial de Cultura, Manuel Doval Soto, estivo integrado polo vicedecano da Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago de Compostela, Carlos Toural Bran; o directivo da Asociación de Periodistas de Santiago e delegado territorial da TVE e RNE en Galicia, Rafael Cid Fernández; o xornalista, Xesús Manuel García Díaz e o decano da Facultade de Ciencias Sociais e Comunicación de Pontevedra, Xosé Manuel Baamonde Silva, actuando como secretario o responsable de Comunicación da Deputación, Fernando Rodríguez Méndez.

Exposición sobre Casares no Carballiño

A conmemoración do Día das Letras Galegas contará cunha programación especial, que inclúe un concerto de Pablo Díaz e a banda TIC TAC TOC (sábado, 13, ás 12,30 h., no auditorio); unha pintura dun mural, a edición dun marca páxinas para distribuír nos centros educativos e aos veciños; actividades de animación á lectura na Biblioteca Municipal, cunha exposición e talleres os días 15, 16, 18 e 19, dirixidos a nenos e nenas de 6 a 11 anos, e un dirixido especialmente a persoas con discapacidade intelectual. E tamén se programa un acto público cunha audición de música de blues e a presentación da novela que conseguiu o Premio Eduardo Blanco Amor 2016, “Blues para Moraima”, do escritor carballiñés Miguel Anxo Fernández, que terá lugar o 17 de maio ás 20,00 horas na Praza Maior. E, finalmente, unha exposición sobre Carlos Casares que se abriu no Concello. Haberá un curso de iniciación á fotografía para nenos, que organiza a Asociación Fotográfica Os Potiños. O día 20, de 10,00 a 13,00 h., para nenos e nenas de 10 a 13 anos. E o día 27, co mesmo horario, para nenos e nenas de 14



O concelleiro de Cultura Diego Fernández.

a 17 anos. Hai 15 prazas por curso, que se desenvolverá na aula José Suárez de Partovia. O sábado 27, na aula do Cemit do Concello, terá lugar un taller de emprendemento tecnolóxico, que organiza CREAM. Haberá tres quendas: de 10,00 a 12,00 h., para nenos de 7-8 anos; de 12,00 a 14,00 h., para nenos de 9-11 anos, e de 16,30 a 18,30 h., para nenos de 12-15 anos. Por outra banda, o humorista galego Touriñán volve ao auditorio do Carballiño dentro da programación cultural do mes de maio. O espectáculo que ofrecerá, xunto a Marcos Pereiro, titúlase “Agora en serio. 15 anos cos dous de sempre” o venres 12 de maio.

Mudanzas exclusivas para Vd.

Elevadores de muebles hasta 8 pisos.

988 224 949 – 609 84 32 03

info@mudanzasjoseluis.es

www.mudanzasjoseluis.es

Adegueiro Jorge Feijoo González

Telefonos: 606 807 897 - 606 047 602

Abeleda - A Teixeira (Ourense)

adegavella@terra.com

At. al cliente: 986 60 52 83

Construcciones ito

Arcaas-Regueiro, 31 B

36711 - Tu

www.piscinastito.es

Reformas . Carpintería

Pintura . Fontanería

Albanilería . Electricidad

evanisto far

Tito piscinas

TENEMOS TODO PARA TU PISCINA

Arcaas-Regueiro, 31 B

36711 - Tu

www.piscinastito.es

At. al cliente: 986 60 52 83

evanisto far

Concello do Carballiño

con Carlos Casares

Ponte...nas Ondas! presentou a súa experiencia no Brasil no marco do XIX Congreso Mundial de Educadores

* Os organizadores destacaron que a práctica pedagógica intercultural de PNO! merece ser divulgada a educadores de todo o mundo

* Espertos de diferentes países interesáronse pola práctica desenvolvida pola asociación galego-portuguesa.

* Santiago Veloso participou no acto inaugural do curso escolar no Colégio Pedro II de Río de Janeiro

O XIX Congreso Mundial de Educadores desenvolveuse do 11 ao 13 de abril na UNICAMP – Universidade Estadual de Campinas. No evento participaron entre máis de 600 educadores e educadoras do Brasil e de todo o mundo sob o lema: EU SOU PORQUE NÓS SOMOS.

Ponte...nas ondas! presentou a súa experiencia na Mesa dos Povos da Lusofonia xunto com outros proxectos de diferentes países como Angola e Cabo Verde. Santiago Veloso, o coordinador da Asociación entrevistou nesta mesa do segundo día do congreso, o día 11, jxunto co



Santiago Veloso, Luciana Rodrigues, Laurindo Vieira, Débora Mazza e Valeria Aroeira

vivo co patrimonio inmaterial galego-portugués no ámbito social e das escolas. Ao mesmo tempo defendeu a transmisión deste patrimonio ás novas xeracións tal como se contempla na Convención do Patrimonio Inmaterial da UNESCO en vigor desde o ano 2006. Ademais, os traballos realizados para a presentación da Candidatura do Patrimonio Inma-

tadual de Paraíba) e o libro-cd-dvd Na ponte. Estas publicacións tiveron unha excelente acollida recoñecendo nas actividades desenvolvidas por Ponte...nas ondas! unha excelente práctica pedagógica intercultural merecendo ser divulgada aos educadores de todo o mundo.

Eu sou porque nós somos

O tema do congreso foi o contexto social no que se desenvolven as prácticas educativas cunha abordaxe directa ao papel dos educadores sociais. O Congreso reuniu algúns dos máis destacados pensadores da educación social, a educación popular e a educación non formal con axentes dos procesos habituais de transformación social que constrúen estratexias de supervivencia e resistencia para os non incluídos no sistema económico dominante.

Ademais das mesas de debates, das mostras de traballos, exposicións de proxectos, das tendas e da feira da economía solidaria, a diversidade cultural do Brasil tivo unha importante presenza de grupos de música e de folclore dos diferentes estados brasileiros.

As boas prácticas co patrimonio

No marco do Congreso Ponte...nas ondas! deu a coñecer

Certames de Recolla, as Mostras da Oralidade ou a difusión do papel dos Tesouros Humanos Vivos, foron as accións presentadas. A transmisión deste patrimonio ás novas xeración a través dos novos soportes dixitais en Internet é foi outra das liñas de traballo que os educadores coñeceron no Congreso.

No colégio Pedro II do Río de Janeiro

O coordinador de Ponte...nas ondas! participou como convidado na xornada inaugural do novo curso escolar no Colégio Pedro II, o centro de referencia do ensino público que conta con 180 anos de actividade na cidade carioca. O colégio Pedro II ten máis de 14 unidades por todo o Río e máis de 12.000 alumnos e vén colaborando con Ponte...nas ondas! Desde que un profesor e un alumno viñeron coñecer a experiencia no ano 2000.

Un novo proxecto impulsado por Ponte...nas ondas! que se desenvolverá en toda a lusofonía implicará novamente ao colexio brasileiro.




No auditorio da UNICAMP

sociólogo e profesor da Universidade Agostinho Neto de Angola, Laurindo Vieira e a profesora Débora Mazza, do Departamento de Ciências Sociais na Educação da UNICAMP de Brasil.

Santiago Veloso explicou a actividade desenvolvida por Ponte...nas ondas! durante os 22 anos de existencia. Centrou a súa intervención no labor desenvol-

vidual na UNESCO foron relatados como unha experiencia a divulgar. No mesmo acto proxectouse un vídeo sobre as actividades de Ponte...nas ondas!

No Congreso expuxéronse os materiais editados pola asociación durante as dúas décadas de actividades: o disco Meninos Cantores, o libro-disco Cores do Atlântico (publicado no Brasil pela editora Latus da Universidade Es-



Mesa dos Povos da Lusofonia



Entrevista a Santiago Veloso para a TV